PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 289
24 de novembro de 2025

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

GRUPO I
Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G.P. Popular (doc. núm. 38859) 137012
B) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38850) 137018
C) Emendas do G.P. Socialista de Galicia (doc. núm. 38847) 137032

GRUPO II
Emendas ao estado de autorización de gastos

1. *Clasificación xeral*

Doc. núm. 38853, complementado pola nota aclaratoria co número de rexistro 39014, do G.P. Popular de Galicia 137050 137055
Doc. núm. 38849 e corrección de erros no doc. núm. 38985, do G.P: do Bloque Nacionalista Galego 137059 137200
Doc. núm. 38858, do G.P. dos Socialistas de Galicia 137209

2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 17.
G.P. Socialista de Galicia núms. 1 a 8.

SECCIÓN 05. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 18 a 58.
G.P. Socialista de Galicia núms. 9 a 56.

SECCIÓN 06. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 59 a 114.
G.P. Socialista de Galicia núms. 57 a 153.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 07. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 115 a 131.
G.P. Socialista de Galicia núms. 154 a 168.

SECCIÓN 08. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 132 a 148.
G.P. Socialista de Galicia núms. 169 a 190.

SECCIÓN 09. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. Popular núm. 1.
G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 149 a 181.
G.P. Socialista de Galicia núms. 191 a 214.

SECCIÓN 10. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 182 a 187.
G.P. Socialista de Galicia núm. 215.

SECCIÓN 11. CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 188 a 234.
G.P. Socialista de Galicia núms. 216 a 252.

SECCIÓN 12. CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 235 a 374.
G.P. Socialista de Galicia núms. 253 a 257.

SECCIÓN 13. CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 375 a 441.
G.P. Socialista de Galicia núms. 258 a 275.

SECCIÓN 14. CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 442 a 457.
G.P. Socialista de Galicia núms. 276 a 280.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 15. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 458 a 490.
G.P. Socialista de Galicia núms. 281 a 293.

SECCIÓN 16. CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 491 a 544.
G.P. Socialista de Galicia núms. 294 a 310.

SECCIÓN 22. DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

G.P. Popular núm. 2.

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

a) Documentos presentados polo G.P. Popular
Doc. núm. 38861 137221

b) Documentos presentados polo G.P. do BNG
Doc. núm. 38851 137318

c) Documentos presentados polo G.P. Socialista de Galicia
Doc. núm. 38852 137349

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado e ao estado de autorización de gastos formuladas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 21 de novembro de 2025, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2025 e que se indican a continuación:

-Docs. núms. 38859 e 38853, presentados polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia. O último compleméntase coa nota aclaratoria rexistrada co número 39014.

-Docs. núms. 38850, 38849 e corrección de erros no doc. núm. 38985, presentados polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

-Docs. núms. 38847 e 38858, presentados polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas parciais ao articulado e ao estado de autorización de gastos presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se especifican e adoptar as decisións que se sinalan en relación coa súa admisión a trámite:

GRUPO I

Emendas ao articulado do proxecto

A) Emendas do G.P. Popular (doc. núm. 38859)

Preséntanse 5 emendas e admítense a trámite.

B) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38850)

Preséntanse 31 emendas e admítense a trámite. As números 1 e 2 son coherentes coa emenda á totalidade, que modifica a contía global dos gastos e ingresos (doc. núm. 38427).

Os Servizos Xurídicos informan que a porcentaxe de incremento retributivo do persoal ao servizo do sector público autonómico que postulan algunhas das emendas deste grupo parlamentario está condicionada ao que, con carácter básico, determine o Estado na súa lei de orzamentos xerais.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

C) Emendas do G.P. Socialista de Galicia (doc. núm. 38847)

Preséntanse 40 emendas, xa que as números 25 e 26 son coincidentes. Admítense a trámite. As números 1 e 2 son coherentes coa emenda á totalidade, que modifica a contía global dos gastos e ingresos (doc. núm. 38428).

GRUPO II

Emendas ao estado de autorización de gastos

1. *Clasificación xeral*

a) Emendas do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 38853, complementado pola nota aclaratoria co número de rexistro 39014), ao estado de autorización de gastos.

Preséntanse 2 emendas.

Os Servizos Xurídicos informan que a emenda número 2 reduce en 900.000 euros o crédito da aplicación 22.01.911A.300, destinado a pagar os xuros de débeda pública e préstamos. Lembran que, conforme o disposto no art. 135.3 da CE, os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pagamento gozará de prioridade absoluta. Estes créditos non poderán ser obxecto de emenda ou modificación, mentres se axusten ás condicións da lei de emisión. Polo tanto, estes créditos son totalmente privilexiados verbo dos restantes.

No documento co número de rexistro 39014 xustifícase esta minoración nos termos seguintes:

A devandita emenda xustifícase na necesidade de axustar correctamente a distribución dos créditos consignados nos conceptos 300 e 310, garantindo en todo caso o pleno cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Constitución Española.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que o crédito incluído no concepto 300 abrangue:

- A totalidade dos gastos asociados ao pagamento dos xuros da débeda actualmente contraída pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- A previsión do gasto financeiro da débeda que está previsto contraer en 2026.

Por erro de clasificación orzamentaria, están incluídos no concepto 300 determinados importes correspondentes realmente a gastos de emisión e formalización da débeda previstos para 2026, que deben imputarse ao concepto 310, segundo a súa natureza económica e consonte á estrutura habitual de clasificación orzamentaria.

En segundo lugar, a minoración proposta non afecta nin compromete as obrigas derivadas da débeda xa existente e unicamente supón:

- Unha minoración de 900.000 euros no concepto 300, sen impacto ningún na capacidade da Comunidade Autónoma para facer fronte aos xuros da débeda vixente.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- E un incremento de 900.000 euros no concepto 310, co fin de situar correctamente os créditos destinados aos gastos de emisión e formalización.

Por todo o anterior, considérase que esta modificación non afecta a suficiencia do crédito que se vai destinar a aboar os xuros correspondentes ao exercicio 2026, xa que se garante plenamente a existencia de crédito adecuado e suficiente para atender todas as obrigas derivadas da débeda pública xa contraída, limitándose a emenda a corrixir unha asignación inicial incorrecta dentro do marco competencial e técnico da elaboración orzamentaria.

Consecuentemente, co criterio favorable dos Servizos Xurídicos por tratarse dunha corrección técnica na clasificación económica do crédito, admítese a trámite.

b) Emendas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38849 e corrección de erros no doc. núm. 38985), ao estado de autorización de gastos. A corrección de erros modifica a denominación de determinados créditos das emendas 44, 51, 146, 338, 350 e 527, modifica os anexos I, II, III, IV, IX, X e engade un anexo XVII, vinculados ás emendas correspondentes. Logo de examinado o documento 38985, o vicepresidente e o secretario consideran que non son simples correccións senón unha ampliación das actuacións nas denominacións dos créditos e nos citados anexos. Xa que logo, co voto favorable da presidenta á súa admisión e cos votos en contra do vicepresidente e do secretario, non son admitidas a trámite.

Consecuentemente, presentáronse 544 emendas no documento co número de rexistro 38849 e admítense a trámite. Non se admite a trámite o documento 38985.

Os Servizos Xurídicos informan que, de se aceptaren determinadas emendas, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais que están afectadas por elas, no senso de determinar as aplicacións cuxos créditos habería que incrementar ou reducir para equilibrar o orzamento administrativo, e identificar as contas dos orzamentos de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado que habería que modificar para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

c) Emendas do G.P. Socialista de Galicia (doc. núm. 38858) ao estado de autorización de gastos.

Presentáronse 310 emendas e admítense a trámite.

Os Servizos Xurídicos informan que, de se aceptaren determinadas emendas, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais que están afectadas por elas, no senso de determinar as aplicacións cuxos créditos habería que incrementar ou reducir para equilibrar o orzamento administrativo, e identificar as contas dos orzamentos de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado que habería que modificar para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto, coas consecuencias que a lexislación establece.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2. Clasificación por seccións e entidades públicas instrumentais

SECCIÓN 04. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 1 a 17.
G.P. Socialista de Galicia núms. 1 a 8.

SECCIÓN 05. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 18 a 58.
G.P. Socialista de Galicia núms. 9 a 56.

SECCIÓN 06. CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 59 a 114.
G.P. Socialista de Galicia núms. 57 a 153.

SECCIÓN 07. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 115 a 131.
G.P. Socialista de Galicia núms. 154 a 168.

SECCIÓN 08. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 132 a 148.
G.P. Socialista de Galicia núms. 169 a 190.

SECCIÓN 09. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. Popular núm. 1.
G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 149 a 181.
G.P. Socialista de Galicia núms. 191 a 214.

SECCIÓN 10. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 182 a 187.
G.P. Socialista de Galicia núm. 215.

SECCIÓN 11. CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 188 a 234.
G.P. Socialista de Galicia núms. 216 a 252.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SECCIÓN 12. CONSELLERÍA DE SANIDADE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 235 a 374.
G.P. Socialista de Galicia núms. 253 a 257.

SECCIÓN 13. CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 375 a 441.
G.P. Socialista de Galicia núms. 258 a 275.

SECCIÓN 14. CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 442 a 457.
G.P. Socialista de Galicia núms. 276 a 280.

SECCIÓN 15. CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 458 a 490.
G.P. Socialista de Galicia núms. 281 a 293.

SECCIÓN 16. CONSELLERÍA DO MAR E ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

G.P. do Bloque Nacionalista Galego núms. 491 a 544.
G.P. Socialista de Galicia núms. 294 a 310.

SECCIÓN 22. DÉBEDA PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

G.P. Popular núm. 2.

CLASIFICACIÓN DO NÚMERO TOTAL DE EMENDAS

Grupo Parlamentario	Emendas ao articulado	Emendas aos estados numéricos	Total
G.P. Popular de Galicia	5	2	7
G.P. do BNG	31	544	575
G.P. Socialista de Galicia	40	310	350
TOTAL	76	866	932

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Emendas parciais ou ao articulado ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 21 de novembro de 2025, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas que rematou ás 18:30 horas do 17 de novembro de 2025 que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G.P. Popular
Doc. núm. 38861.

b) Documentos presentados polo G.P. do BNG.
Doc. núm. 38851.

c) Documentos presentados polo G.P. Socialista de Galicia.
Doc. núm. 38852.

Da información rexistral subministrada e tendo en conta o previsto nas Normas de desenvolvemento do Regulamento da Cámara para a utilización da técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na actividade parlamentaria (BOPG núm. 139, do 13 de maio de 2006), os Servizos Xurídicos informan que o documento co número de rexistro 38862, presentado polo Grupo Parlamentario Popular (con corrección de erros no doc. núm. 39107), enviouse ás 18:31:39985 horas do 17 de novembro de 2025, polo que foi automaticamente rexistrado ás 9:30 horas do 18 de novembro de 2025, por terse presentado fóra do prazo regulamentario. En relación con esta incidencia, o vicepresidente e o secretario son partidarios da súa admisión tendo en conta o escaso tempo transcorrido desde a terminación do prazo e o seu envío, así como da dificultade no uso da ferramenta empregada para o seu rexistro. A presidenta considera que esa ferramenta foi utilizada correctamente polo resto dos grupos parlamentarios e non hai evidencia de que fallase a aplicación que está operativa.

Consecuentemente, por non haber unanimidade para a súa admisión ante o feito obxectivo de que foi presentado logo de rematado o prazo previsto no art. 112 do RPG, o documento co número de rexistro 38862, xunto co documento co número de rexistro 39107, de corrección de erros do anterior, non son admitidos a trámite.

Os Servizos Xurídicos informan que, no referido á creación do imposto sobre vivendas baleiras, o principio de legalidade tributaria [arts. 31.3 da CE e 8 a) da LXT] esixe regular por lei os elementos esenciais do tributos, entre eles o tipo de gravame. Por outra banda, malia que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia normativa para fixar o mínimo exento no imposto sobre o patrimonio [arts. 47.1 a) da Lei 22/2009 e 28 da LIP], non a ten para determinar os bens e dereitos exentos do tributo (art. 4 da LIP), entre os que están a vivenda habitual do contribuínte ata un máximo de 300.000 euros (art. 4.Nove da LIP).

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º. Admitir a trámite as emendas seguintes:

a) 48 emendas do G.P. Popular (doc. núm. 38861).

Advírtese que a súa numeración non é correlativa, polo que o último numeral non se corresponde co número total de emendas, que é o indicado.

b) 35 emendas do G.P. do BNG (doc. núm. 38851).

c) 84 emendas do G.P. Socialista de Galicia (doc. núm. 38852).

3.ººNon admitir a trámite as emendas do documento co número de rexistro 38862, presentado fóra de prazo.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2025
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026 (NUM. EXPE. 12/PL-000010)

Emenda n º 1, ao apartado Seis, de Modificación. Artigo 8

Modifícase o Artigo 8. seis, do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que pasa a estar redactado como segue:

"Seis. As limitacións establecidas nos puntos anteriores deste artigo e as establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non serán aplicables:

– aos créditos vinculados ao Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia, sempre que se realicen en cumprimento dos acordos adoptados polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Comisión de Seguimento do Plan;

– aos créditos do proxecto 201800112 (Pacto de Estado contra a violencia de xénero);

– aos créditos do programa 331A vinculados aos proxectos que van desenvolver no exterior os axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento;

– ás transferencias do artigo 5, alíneas **v), w) e x)**;"

Asinado o día 17/11/2025 ás 18:10
Por Alberto Pazos Couñago

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

Emenda n º 2, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 9

Modifícaseo artigo 9. Un, do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que pasa a estar redactado como segue:

"Un. Para asegurar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2026, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida en que estes últimos difiran dos previstos inicialmente nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Para asegurar o cumprimento da regra de gasto no ano 2026 os créditos incluídos nos estados de gastos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas axustaranse no importe que resulte necesario.

Sen prexuízo do indicado na **alínea p)** do artigo 5 desta lei, o Consello da Xunta de Galicia adoptará, por proposta da consellería competente en materia de facenda, os acordos de non-dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto nos parágrafos anteriores."

Emenda n º 3, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 16

Modifícase o apartado Un do artigo 16,do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que pasa a estar redactado como segue:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

"Un. Durante o ano 2026, no ámbito a que se refiren as alíneas c), f), g), h) e i) do artigo11.un desta lei, non será precisa a autorización conxunta a que fai referencia o punto **cinco** do artigo 12 desta lei, para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias mediante nomeamentos de persoal funcionario interino, persoal estatutario temporal e contratacións de persoal laboral temporal, nos seguintes ámbitos:

a) Persoal que preste servizos nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e das fundaci ó ns sanitarias.

b) Persoal dos centros e das residencias de servizos sociais. A cobertura de postos vacantes e das substitucións só poderá ser realizada en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inadiables que non puideren ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes. As modalidades de nomeamento ou de contratación serán as previstas no Estatuto básico do empregado público, no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, no Estatuto dos traballadores e no resto da normativa aplicable."

Emenda n º 4, ao apartado Tres e Catro, de Modificación. Artigo 60

Modifícanse os apartados Tres e Catro do artigo 60,do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que pasa a estar redactado como segue:

"Tres. A consignación dos recursos do Fondo de Cooperación Local entre os concellos que se regula nos seguintes puntos terá carácter provisional ata a regularización dimanante do reparto definitivo unha vez se aprobe a nova lei de administración local de Galicia. **Este reparto definitivo deberá formalizarse mediante acordo da Subcomisión Permanente do Réxime Económico e Financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local.**

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

Catro. Con anterioridade á repartición do fondo base deducirase un importe de seiscentos mil euros anuais (600.000 euros), que se destinará aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Transitoriamente os pagos a conta do fondo base que reciban os concellos realizaranse cos mesmos importes que os recibidos no ano 2025."

Emenda n º 5, ao apartado Tres, de Modificación. Disposición adicional primeira

Modifícase o apartado Tres daDisposición adicional primeira. Tres, do Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026, que queda redactado como segue:

"Tres. A Consellería de Facenda e Administración Pública comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de dez días naturais:

a) a realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas, consonte o previsto na **alínea r)** do artigo 5 desta lei;

b) as modificacións efectuadas, conforme o indicado no artigo 9;

c) os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que puideren entrar en funcionamento ao longo do ano 2026."

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 17/11/2025 18:10:03

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:10:14
Nº Rexistro: 38859
Data envio: 17/11/2025 18:10:14.563

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 18:10:15

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026 (NUM. EXPE. 12/PL-000010)

Emenda n º 1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

Substitúese o cotindo do apartado Un do artigo 2 polo seguinte:

"Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de dezaseis mil seiscentos oitenta e cinco millóns oitocentos oitenta mil setecentos corenta e sete (16.685.880.747 €), distribuídos da forma seguinte:

	CAP. I-VII GASTOS NON FINANCEIROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS	CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS	TOTAL
Administración Xeral	8.405.498.246	314.594.590	1.643.771.253	**10.363.864.089**
Organismos autónomos	5.390.225.629	42.650.656		**5.432.876.285**
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.674.407	-		**2.674.407**
Axencias públicas autonómicas	879.407.200	2.391.858	4.666.908	**886.465.966**
Total	**14.677.805.482**	**359.637.104**	**1.648.438.161**	**16.685.880.747**

Emenda n º 2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

Substituír o contido do apartado Catro do artigo 2 polo seguinte:

Asinado o día 17/11/2025 ás 17:48
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

"Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de dezaseis mil seiscentos oitenta e cinco millóns oitocentos oitenta mil setecentos corenta e sete (16.685.880.747 €), distribuídos da seguinte forma:

	CAP. I-VII INGRESOS NON FINANCEIROS	**CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS**	**CAP. IX PASIVOS FINANCEIROS**	**TOTAL**
Administración Xeral	14.578.261.855	2.946.028	1.728.578.253	**16.309.786.136**
Organismos autónomos	259.294.768	690.000		**259.984.768**
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	22.845			**22.845**
Axencias públicas autonómicas	19.176.998	96.910.000		**116.086.998**
Total	**14.856.756.466**	**100.546.028**	**1.728.578.253**	**16.685.880.747**

Emenda n º 3, ao apartado Un, de Adición. Artigo 9

Engadir no apartado Un do artigo 9 un novo parágrafo a continuación do segundo, co seguinte texto:

“Non obstante, en ningún caso se poderán realizar axustes que impliquen a minoración dos créditos incluídos en programas que financien servizos públicos básicos.”

Emenda n º 4, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no primeiro parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

“non poderán experimentar ningún incremento con respecto ás”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ás”.

Emenda n º 5, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 11

Substituír no segundo parágrafo do apartado Dous do artigo 11 a expresión:

“non poderán incrementarse, en termos globais, verbo dos do ano 2025”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3 por cento con respecto ao ano anterior”.

Emenda n º 6, ao apartado Tres, de Supresión. Artigo 11

Suprimir o apartado Tres do artigo 11.

Emenda n º 7, ao apartado Seis bis), de Adición. Artigo 11

Engadir un novo apartado Seis bis) no artigo 11 co seguinte texto:

"Seis bis) Nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026 dotarase un fondo de acción social por valor do 1 por cento da masa salarial do capítulo I, correspondente ao persoal funcionario, laboral e docente dependente da Administración galega."

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

Emenda n º 8, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 12

Suprimir os parágrafos segundo e terceiro do apartado Cinco do artigo 12.

Emenda n º 9, ao apartado Un. c), de Adición. Artigo 16

Engadir unha nova letra c) no apartado Un do artigo 16 co seguinte texto:

“c) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.”

Emenda n º 10, de Supresión. Artigo 19

Suprimir o artigo 19.

Emenda n º 11, ao apartado Un. b), de Modificación. Artigo 21

Modificar a redacción do subapartado b) do apartado Un do artigo 21 de maneira que quede da seguinte forma:

“b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, e o seu importe de cada unha delas será o importe dunha mensualidade ordinaria, comprendendo o soldo, os trienios, e os complementos de destino e específico na súa integridade. Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe de paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional."

Emenda n º 12, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 22

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

PARLAMENTO DE GALICIA

No apartado Dous do artigo 22 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda n º 13, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 23

No segundo parágrafo do apartado Un do artigo 23 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

"experimentarán un incremento do 3%”.

Emenda n º 14, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 23

No apartado Dous do artigo 23 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda n º 15, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 25

No apartado Dous do artigo 25 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

PARLAMENTO DE GALICIA

“experimentarán un incremento global do 3% respecto das”.

Emenda n º 16, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 26

No apartado Un do artigo 26 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento do 3%”.

Emenda n º 17, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 26

No apartado Dous do artigo 26 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento do 3% respecto das”.

Emenda n º 18, de Supresión. Artigo 32

Suprimir o artigo 32.

Emenda n º 19, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 35

No apartado Dous do artigo 35 substituír a expresión:

“non experimentarán un incremento ningún respecto das”, polo seguinte texto:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

“experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda n º 20, de Modificación. Artigo 36

No artigo 36 substituír a expresión:

“non experimentarán ningún incremento respecto das”, polo seguinte texto:

“experimentarán un incremento global do 3 por cento respecto das”.

Emenda n º 21, de Adición. Artigo 48 bis

Engadir un novo artigo 48 bis coa seguinte redacción:

“Artigo 48 bis. Contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública.

Un. Durante o período de vixencia desta Lei non se utilizarán contratos de colaboración público-privada para financiar investimentos en servizos públicos básicos. En todo caso, os contratos de concesión de obra pública deberán modificarse co fin de que, en ningún caso, o canon ou portaxe satisfeito ao concesionario supere o custo financeiro que a administración debería asumir no caso de financiar directamente a execución da obra.

Dous. Durante o ano 2026, iniciaranse os procedementos específicos que sexan necesarios para o rescate de concesións outorgadas a través de procedementos de colaboración público-privada en servizos públicos sanitarios ou educativos.

Tres. Na documentación a que se refire a letra b) do punto 5 do artigo 51 do Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galiza, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999,

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

do 7 de outubro, incluirase un Anexo que especifique os compromisos derivados dos contratos de colaboración público-privada celebrados así como dos que se prevea celebrar durante o exercicio ao que corresponda o proxecto de Lei de Orzamentos, cunha clara referencia a contía dos investimentos financiados por esta vía e dos pagos anuais previstos ao longo da súa duración. Para garantir a solvencia das contas autonómicas e a transparencia, así como a asunción de compromisos plurianuais excesivos, calquera incorporación dun proxecto aprobado pola Xunta de Galiza non previsto no orzamento deberá remitírselle ao Parlamento de Galiza, incluíndo na información que se lle remita a este a mesma documentación que a esixida para as actuacións incorporadas ao proxecto de orzamentos."

Emenda n º 22, de Modificación. Artigo 57

Substituír o texto do artigo 57 polo seguinte:

"Para a aplicación do previsto no artigo 119 da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, a porcentaxe correspondente ao ano 2026 será do 2%."

Emenda n º 23, ao apartado Cinco bis), de Adición. Artigo 58

Engadir un novo apartado Cinco bis) no artigo 58 co seguinte texto:

"Cinco bis) A Xunta de Galiza non poderá, en ningún caso, incrementar o número de unidades concertadas nos centros educativos."

Emenda n º 24, de Adición. Artigo 60 bis

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

Engadir un novo artigo 60 bis co seguinte texto:

“Artigo 60 bis. Pagamento de axudas e subvencións aos Concellos.

Un. Durante o ano 2026 as bases reguladoras das axudas e subvencións financiadas con cargo a orzamentos da Comunidade Autónoma establecerán con carácter xeral a concesión de pagamentos anticipados do 80 por 100 do importe concedido sen necesidade de achegar garantías por parte dos concellos así como a mancomunidades de entidades locais, consorcios locais, ou entidades asociativas análogas constituídas maioritariamente pola entidades locais de Galiza, consonte o artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Dous. A concesión dos devanditos anticipos tamén será aplicábel cando os beneficiarios das axudas e subvencións sexan entidades vinculadas aos concellos, calquera que sexa a súa forma xurídica, sempre que o concello participe de xeito maioritario nos seus órganos de administración ou dirección e ostente unha posición de control análogo ao dos seus propios servizos.”

Emenda n º 25, de Adición. Artigo 60 ter

Engadir un novo artigo 60 ter co seguinte texto:

"Artigo 60 ter. Convenios, subvencións e transferencias aos concellos.

A Xunta de Galiza procederá á reasignación de convenios, subvencións e transferencias ás entidades locais, particularmente as que teñen que por obxecto financiar servizos locais básicos, co obxectivo de acadar un incremento dos fondos incondicionados a través do Fondo Galego de Cooperación Local. A estes efectos,

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

durante 2026 a reasignación implicará, polo menos, unha porcentaxe de aumento do 25 por cento en relación ao ano anterior."

Emenda n º 26, ao apartado Catro bis), de Adición. Disposición adicional primeira

Engadir un novo apartado Catro bis) na Disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Catro bis) Co obxectivo de mellorar a transparencia e o control parlamentario do orzamento da Comunidade Autónoma de Galiza, crearase en 2026 unha Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galiza, logo dos trámites oportunos segundo o Regulamento da Cámara. As súas funcións serán de seguimento, información, documentación e apoio aos grupos parlamentarios, no que atinxe á execución orzamentaria, así como de vixilancia do cumprimento das finalidades e dos indicadores dos distintos proxectos de gasto dos orzamentos. Ademais, tamén exercerá funcións de análise da situación económica-financeira a curto, medio e longo prazo, sobre as contas públicas. Aos efectos de poder efectuar as funcións previstas neste artigo, así como a función de control dos grupos parlamentarios, a Oficina Orzamentaria do Parlamento de Galiza, así como un deputado ou deputada designado por cada grupo parlamentario, terán un acceso informático ao sistema de contabilidade e xestión da Consellaría de Facenda, ademais de persoal de consulta e apoio para efectuar as consultas de expedientes de gasto que se consideren oportunas."

Emenda n º 27, de Supresión. Disposición adicional décimo primeira

Suprimir a Disposición adicional décimo primeira.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

Emenda n º 28, de Supresión. Disposición adicional décimo segunda

Suprimir a Disposición adicional décimo segunda.

Emenda n º 29, de Supresión. Disposición adicional décimo terceira

Suprimir na Disposición adicional décimo terceira o texto: “non superior a douscentos vinte con cincuenta euros,”

Emenda n º 30, de Adición. Disposición transitoria terceira bis)

Engadir unha Disposición transitoria terceira bis) co seguinte texto:

“Disposición transitoria terceira bis) Cambios derivados de aprobarse unha quita da débeda da Comunidade Autónoma de Galiza. Autorízase á Consellaría de Facenda e Administración Pública a realizar os axustes económico-financeiros necesarios que se deriven da aprobación de medidas excepcionais de sostibilidade financeira mediante as que o Estado asuma parte da débeda das Comunidades Autónomas de Réxime Común."

Emenda n º 31, de Adición. Disposición derrogatoria

Engadir unha Disposición derrogatoria co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

"Disposición derrogatoria.

Quedan derrogadas as normas que se opoñan ao establecido na presente Lei, e de xeito particular, con efectos de 1 de xaneiro de 2017, queda derrogada expresamente a Lei 1/2012, de Medidas Temporais en determinadas materias de emprego público da Comunidade Autónoma de Galiza, aplicándose as medidas vixentes con anterioridade á entrada en vigor de dita lei en materia de emprego público, en particular as relativas ás retribucións íntegras en situación de incapacidade temporal e á acción social."

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2025 17:48:56

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:37
Nº Rexistro: 38850
Data envio: 17/11/2025 17:50:37.620

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 17:50:38

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:33:38
Nº Rexistro: 38847
Data envio: 17/11/2025 17:33:38.409

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2026 (NUM. EXPE. 12/PL-000010)

Emenda n º 1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 2

No punto Un, onde di: "...por un importe de dezaseis mil trescentos corenta e tres millóns catrocentos oitenta e oito mil cincocentos sesenta e dous (16.343.488.562€)", debe dicir"....dezaseis mil setecentos corenta e oito millons oitocentos trinta e oito mil cincocentos sesenta e dous" (16.748.838.562€), distribuidos da seguinte forma:

	CAP-I-VII GASTOS NON FINANCEIROS	CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS	CAP IX PASIVOS FINANCEIROS	TOTAL
Administración xeral	8.306.248.922	314.594.590	1.028.771.253	9.649.614.765
Organismos autónomos	5.823.065.314	42.650.656		5.865.715.970
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	2.674.407			2.674.407
Axencias publicas autonómicas	1.128.024.654	98.141.858	4.666.908	1.230.833.420
TOTAL	**15.260.013.297**	**455.387.104**	**1.033.438.161**	**16.748.838.562**

Emenda n º 2, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 2

Asinado o día 17/11/2025 ás 17:33
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:33:38
Nº Rexistro: 38847
Data envio: 17/11/2025 17:33:38.409

No punto Catro, deste artigo, onde di: "...por un importe consolidado de dezaseis mil trescentos corenta e tres millóns catrocentos oitenta e oito mil cincocentos sesenta e dous (16.343.488.562€)", debe dicir "....por un importe consolidado de dezaseis mil setecentos corenta e oito millóns oitocentos trinta e oito mil cincocentos sesenta e dous" (16.748.838.562€), distribuídos da seguinte forma:

	CAP-I-VII GASTOS NON FINANCEIROS	**CAP. VIII ACTIVOS FINANCEIROS**	**CAP IX PASIVOS FINANCEIROS**	**TOTAL**
Administración xeral	14.627.719.670	2.946.028	1.728.578.253	16.359.243.951
Organismos autónomos	272.794.768	690.000		273.484.768
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	22.845			22.845
Axencias publicas autonómicas	19.176.998	96.910.000		116.086.998
TOTAL	**14.919.714.281**	**100.546.028**	**1.728.578.253**	**16.748.838.562**

Emenda n º 3, ao apartado Cinco, de Adición. Artigo 2

No punto Cinco deste artigo, débese engadir *in fine* o seguinte parágrafo: "Establecerase para cada un dos beneficios fiscais establecidos os obxectivos que se perseguen, así como os indicadores de cumprimento. Anualmente elaborarase un estudo sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinados. O dito estudo será remitido anualmente ao Parlamento de Galicia."

Emenda n º 4, ao apartado Catro, de Adición. Artigo 3

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:33:38
Nº Rexistro: 38847
Data envio: 17/11/2025 17:33:38.409

No punto Catro deste artigo, débese engadir *in fine* a seguinte frase:

"...E que deberán consolidar nos orzamentos das consellarías correspondentes."

Emenda n º 5, ao apartado Seis, de Adición. Artigo 3

No punto Seis deste artigo, débese engadir *in fine,* o seguinte texto: "...e deberá reflectir os datos fundamentais, tales como a súa porcentaxe de participación; o importe das subvencións, se for o caso, concedidas; os beneficios ou dividendos, no seu caso, percibidos, ou as achegas realizadas."

Emenda n º 6, ao apartado Un. l, de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir *in fine* na alínea l) o seguinte texto:

"...de xeito que permitan dar cobertura a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos esixidos pola Administración."

Emenda n º 7, ao apartado Un. w), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir *in fine* unha nova letra w) que terá o seguinte contido:

w) En especial os gastos para a atención da dependencia derivados do concerto de prazas residenciais, de unidades de estancia diurna, do servizo de axuda a domicilio e das prestacións económicas.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:33:38
Nº Rexistro: 38847
Data envio: 17/11/2025 17:33:38.409

Emenda n º 8, ao apartado Un. x), de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir *in fine* unha nova alínea x) que terá o seguinte contido:

x) Os créditos destinados a financiar o bono social térmico e ou eléctrico de xeito que dea cobertura a todas as persoas beneficiarias que cumpran os requisitos esixidos pola Administración.

Emenda n º 9, de Adición. Artigo 7

No punto Un deste artigo, débese engadir *in fine* unha nova alínea y) que terá o seguinte contido:

y) Os gastos para a atención da tarxeta básica.

Emenda n º 10, ao apartado Un, de Adición. Artigo 8

No punto Un deste artigo débese engadir *in fine*, logo da alínea h), un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

En calquera caso a tramitación de expedientes de transferencia de crédito cara á súa utilización de acordo cos puntos anteriores, deberá realizarse preferentemente con cargo o fondo de continxencia e só no caso de ser aquel inexistente ou insuficiente se poderá realizar a transferencia con cargo a partidas distintas daquela.

Emenda n º 11, ao apartado Tres bis), de Adición. Artigo 8

Débese engadir un novo punto Tres bis, que terá o seguinte contido:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:33:38
Nº Rexistro: 38847
Data envio: 17/11/2025 17:33:38.409

Tres bis. Os fondos de continxencia estarán asignados ao programa 621B, e da súa utilización deberase dar conta específica ao Parlamento de Galicia, con indicación da xustificación para o programa ao que foren transferidos.

Emenda n º 12, ao apartado Oito bis), de Adición. Artigo 8

Neste artigo, débese crear un novo punto Oito, que terá o seguinte contido:

e) No seu caso, actuacións de inspección que poderán realizar as entidades colaboradoras da administración no ámbito da seguridade mineira nos termos do artigo 46.2.

4. En todo caso, un dos programas específicos de inspección estará centrado especificamente na vixilancia do cumprimento das declaracións ambientais de dereitos mineiros.

Artigo 49 quáter. Execución e desenvolvemento

1. A consellería competente en materia de minas efectuará a selección de dereitos e estable-cementos mineiros obxecto dos plans e programas de inspección.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

2. Como consecuencia do anterior, os órganos competentes da citada consellería ordenarán as actuacións de supervisión e control dos dereitos e establecementos seleccionados e incoarán os expedientes sancionadores que procedan nos supostos de incumprimento de requisitos regula-mentarios esixidos aos explotacións, autorizacións, permisos e establecementos mineiros ins-peccionados.

3. Despois de finalizar cada programa de inspección, a consellería competente en materia de minas elaborará un informe final onde se recollerán os datos, os resultados e os incidentes máis significativos para cada programa.

Artigo 49 quinquies. Periodicidade

1. A consellería competente en materia de minas determinará a periodicidade dos plans e pro-gramas de inspección en función das necesidades que se formulen.

2. En calquera caso, a consellería competente en materia de minas deberá, como mínimo cada dous anos, aprobar novos plans de inspección ou prorrogar a vixencia dos xa aprobados tras un procedemento previo de revisión e actualización dos seus contidos.»

Emenda n º 47, ao apartado 1 bis), de Modificación. Artigo 39

Modifícase o artigo 39 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que modifica o Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aprova o texto refundido das disposición legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Engádese un novo apartado Un. bis ao artigo 39, coa seguinte redacción:

«Un. bis. Engádese un novo número catro. bis ao artigo 80, coa seguinte redacción:

Catro. bis. Cando a implantación do proxecto supoña o cambio de clasificación de terreos que, de acordo coa lexislación urbanística, tivesen a cualificación de solo rústico previamente á aprobación do proxecto industrial estratéxico, o órgano substantivo solicitará un informe favorable do órgano sectorial competente en materia de protección do solo rústico que corresponda, cando se trate de solo rústico de especial protección, ou, no seu caso, da consellería competente en materia de medio rural, cando se trate de solo rústico de protección ordinaria. Nestes casos, a asignación de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e niveis de intensidade recollidos no proxecto haberá de cumprir as condicións e os estándares urbanísticos que establece a lexislación do solo de Galicia para o solo urbanizable.»

Emenda n º 17, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 40

Modifícase o apartado dous do artigo 40 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 47, que queda redactado como segue:

«1. A unidade responsable da tramitación someterá a información pública, **durante o prazo de 30 días,** de forma simultánea, o proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental no caso de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

avaliación ambiental ordinaria e, se é o caso, o proxecto sectorial, mediante a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web da consellaría competente en materia de enerxía.

No caso de avaliación ambiental simplificada, **o promotor poderá solicitar a tramitación simultánea da avaliación ambiental e do procedemento de autorización.**

No caso de que se solicite a declaración de utilidade pública, realizarase de forma simultánea o trámite de información pública mediante a publicación nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas.

Durante o prazo indicado, calquera persoa, entidade ou organismo interesado poderá presentar cantas alegacións estime oportunas ou solicitar o exame do expediente e da documentación técnica, ou a parte dela que se acorde. Das alegacións presentadas darase traslado á persoa solicitante, para que esta formule a contestación ao contido daquelas e o comunique á unidade tramitadora no prazo máximo de quince días.»

Emenda n º 42, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 42

Modifícase o apartado sete do artigo 42, que queda coa seguinte redacción: Sete. Modifícase o artigo 124, que queda redactado como segue:

«Artigo 124. Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda co fin de adopción, acollemento ou adopción dun fillo ou filla

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezanove semanas.

No suposto de familia monoparental por existir unha única persoa proxenitora, o permiso será de trinta e dúas semanas.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada unha das persoas proxenitoras, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, a gozar a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato se atope hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o goce deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación que convoque a Administración.

2. O permiso de cada unha das persoas proxenitoras polo coidado de menor distribúese da seguinte maneira:

1.º Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores á resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben á decisión administrativa de garda co fin de adopción ou de acollemento, serán obrigatorias e haberán de gozarse a xornada completa.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

2.º Once semanas, vinte e dúas no caso de familia monoparental, que poderán distribuírse a vontade daquelas, en períodos semanais a gozar de forma acumulada ou interrompida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante dentro dos doce meses a contar ou ben desde o nacemento do fillo ou filla, ou ben desde a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou ben da decisión administrativa de garda co fin de adopción ou de acollemento.

3.º Dúas semanas, catro no caso de familia monoparental, para o coidado de menor que poderán distribuírse a vontade daquelas, en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou a filla cumpra os oito anos.

Este permiso constitúe un dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio.

O permiso previsto nos supostos 2.º e 3.º poderá gozarse a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan, e nos termos que regulamentariamente se determinen, conforme ás regras establecidas no presente artigo.

No caso do goce interrompido do permiso requirirase, para cada período de goce, un preaviso de polo menos quince días e realizarase por semanas completas. No caso de que se optase polo goce do presente permiso con posterioridade á semana vinte do permiso por nacemento, por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, se a persoa proxenitora que goza deste último permiso solicitase a acumulación do tempo de lactación dun fillo menor de doce meses en xornadas completas do permiso regulado no artigo 112, será á finalización dese período cando se dará inicio ao cómputo das semanas restantes do permiso da outra persoa proxenitora, resultantes de descontar á totalidade do permiso que corresponda as seis semanas xa

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

gozadas como descanso obrigatorio posteriores ao feito causante.

No caso das semanas ás que se refire o suposto 3.º, cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adoptantes, ou acolledoras, polo mesmo suxeito e feito causante, e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da unidade da administración na que ambas presten servizos, esta poderá aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de goce máis flexible.

3. O permiso previsto neste artigo é independente do uso compartido do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.

4. O persoal funcionario que estea a gozar do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso do permiso previsto neste artigo inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

a) Cando a persoa titular do dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso, pola parte que reste.

b) Se a filiación da outra persoa proxenitora non está determinada.

c) Cando en resolución xudicial ditada en proceso de nulidade, separación ou divorcio, iniciado antes da utilización do permiso, lle recoñeza á persoa que estea a gozar do mesmo a garda do fillo ou da filla.»

Emenda n º 18, ao apartado 11, de Modificación. Artigo 42

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Modifícase o apartado once do artigo 42, do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Once. Modifícase o cadro do número 2 da disposición adicional oitava, respecto da escala de xestión de sistemas de informática, nos apartados de denominación e titulación, que quedan redactados como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de xestión de sistemas e tecnoloxías da información		A2	Análise funcional de novas aplicacións, mantemento de aplicacións en explotación, análise e programación das aplicacións no desenvolvemento e control de desenvolvementos informáticos.	Título universitario oficial de grao, **enxeñería**, diplomado/a universitario/a ou de enxeñería técnica en: telecomunicacións, informática, matemáticas, estatística, física, intelixencia artificial ou ciencia do dato, ou ben titulacións equivalentes **dos niveis** 2 **e 3** do Marco Español de Cualificacións para a Educación

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

				Superior (MECES) dos mesmos ámbitos de coñecemento.

Emenda n º 19, ao apartado 12, de Modificación. Artigo 42

Doce. Modifícase o cadro do número 3 da disposición adicional oitava, respecto da escala técnica auxiliar de informática, nos apartados de denominación e titulación que quedan redactados como segue:

Denomiación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala de técnico/a especialista en tecnoloxías e sistemas de información		C1	Desenvolvemento e explotación informá-tica, tales como pro-gramación, opera-ción e asistencia técnica básica ás persoas usuarias.	Título de Formación Profesional de Grao Medio da familia de Informática e Comunicacións, **ou titulación de Técnico en Instalacións de Telecomunicacións da familia de Electricidade e Electrónica,** ou ben titulacións **dos niveis** 4 **e 5** do Marco Español de Cualificacións

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

				para o Aprendizaxe Permanente (MECU) **das devanditas familias.**

Emenda n º 20, ao apartado 10, de Modificación. Artigo 46

Modifícase o apartado dez do artigo 46 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que queda coa seguinte redacción:

Dez. Modifícase a disposición adicional sexta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional sexta. **Dotación de persoal funcionario adicional**

Para o exercicio das funcións que esta lei lles atribúe ao Comisionado da Transparencia e á Comisión da Transparencia, o Consello Consultivo de Galicia poderá dotarse do persoal funcionario adicional respectando os límites orzamentarios establecidos.»

Emenda n º 50, de Adición. Artigo 48

Engádese ao artigo 48 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que modifica o Lei 2/2025 do 2 de abril para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia o seguinte texto

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Un. Engádese o apartado Cero ao artigo 48, coa seguinte redacción:

« Cero. Modifícase o artigo 1 que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 1. Obxecto

1. A presente lei ten por obxecto establecer o marco **organizativo** para o deseño, adquisición, implementación e uso da intelixencia artificial na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no seu sector público, de conformidade coa regulación da Unión Europea e coa normativa básica estatal nesta materia, das cales constitúe o seu desenvolvemento e execución na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A estes efectos, a lei regula o réxime xurídico do uso da intelixencia artificial polo sector público galego no **desenvolvemento da súa actividade administrativa, na prestación de servizos públicos** e nas súas relacións coa cidadanía, empresas, entidades e demais Administracións públicas, promovendo a adopción dunha intelixencia artificial centrada no ser humano, segura, fiable, cun alto nivel de protección da saúde e dos dereitos fundamentais e respectuosa co medio ambiente.

3. Así mesmo, a lei ten por obxecto impulsar o desenvolvemento da intelixencia artificial no tecido empresarial e no ecosistema de investigación e innovación da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de mellorar a súa produtividade e competitividade.»

Emenda n º 49, ao apartado 1 bis), de Modificación. Artigo 48

Modifícase o artigo 48 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que modifica o Lei 2/2025 do 2 de abril para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Un. Engádese un apartado Un.bis ao artigo 48 coa seguinte redacción

Un.bis Modíficase o artigo 16, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 16. Análise do impacto organizativo, económico, social e medioambiental

1. Sen prexuízo da correspondente avaliación de impacto relativa a dereitos fundamentais para os sistemas de intelixencia artificial de alto risco, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2024/1689, do 13 de xuño, ou, de ser o caso, a relativa á protección de datos de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, a Administración autonómica establecerá procesos dirixidos a analizar e avaliar os posibles riscos asociados aos sistemas de intelixencia artificial que a propia Administración autonómica pretenda deseñar ou empregar.

2. A finalidade de tal análise será determinar, coa antelación suficiente, cales son os potenciais riscos que pode implicar a implantación dun concreto sistema de intelixencia artificial en relación coa súa efectividade, seguridade, uso de recursos e custos económicos e impacto organizativo, social e ambiental, así como os mecanismos de mitigación ou compensación dos seus efectos.

3. Esta análise clasificará os riscos en función da súa gravidade e probabilidade, propoñendo medidas axeitadas para mitigar, atenuar ou compensar aqueles, de conformidade cos principios de capacidade técnica, proporcionalidade e suficiencia financeira.»

Dous. Engádese un apartado Un.ter ao artigo 48 coa seguinte redacción Un.ter Modíficase o artigo 18, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 18. Precaución No caso de que unha análise de impacto indique que o uso dun determinado sistema de intelixencia artificial puidese causar danos de moi difícil reparación ás persoas, á sociedade ou ao medio ambiente, deberá valorarse o abandono do

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

uso dese sistema. Con esta finalidade, ponderarase se as vantaxes da súa utilización ou as desvantaxes da súa non utilización son ou non superiores aos eventuais danos que puidera ocasionar.

Emenda n º 48, ao apartado 3 bis), de Adición. Artigo 48

Engádese o artigo 48 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que modifica o Lei 2/2025 do 2 de abril para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galicia.

Engádese un apartado tres.bis ao artigo 48 coa seguinte redacción

Tres. bis Modíficase o artigo 41, que queda coa seguinte redacción:

«Artigo 41. A elaboración do informe do proxecto de intelixencia artificial

1. Os órganos promotores funcionais e responsables tecnolóxicos serán os responsables de elaborar o informe do proxecto de intelixencia artificial.

2. O informe do proxecto de intelixencia artificial deberá conter, polo menos:

a) A identificación das necesidades funcionais que deban ser cubertas e unha definición clara e obxectiva dos problemas que se pretenden solucionar, en particular establecendo os obxectivos específicos para conseguilo.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

b) A identificación da necesidade e oportunidade de deseñar ou adquirir, implementar e empregar sistemas de intelixencia artificial, avaliando os seus beneficios e riscos e as capacidades técnicas, humanas e económicas e de sustentabilidade para a súa posta en marcha e mantemento.

c) A relación de características e especificacións técnicas do sistema de intelixencia artificial proposto.

d) O conxunto de datos proposto para o adestramento, validación e proba, especificando se este contén unha combinación de datos persoais e non persoais, sinalando de maneira específica se se tratarían datos persoais de categoría especial, segundo o disposto no artigo 9.1 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, así como un plan para a súa xestión.

e) A proposta inicial de medidas de seguridade a aplicar, en cumprimento do principio de seguridade desde o deseño conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, e o disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

f) A análise do impacto organizativo, económico, social e medioambiental, previsto no artigo 16.
g) A coherencia e o encaixe do proxecto de intelixencia artificial na Estratexia galega de intelixencia artificial e no correspondente programa sectorial de intelixencia artificial.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Emenda n º 51, ao apartado 1 bis), de Adición. Artigo 49

Emenda de Adición, do apartado un bis do artigo 49 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, que modifica a Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia.

Engádese un apartado un bis ao artigo 49, coa seguinte redacción:

«Un bis. Modifícase o numero 7 do artigo 14, que pasa a ter a seguinte redacción:

7. As autorizacións validamente outorgadas, agás as relativas ao xogo da rifa e da tómbola, que terán a duración que se fixe na correspondente resolución de autorización, terán unha duración máxima de quince anos.

Sen prexuízo doutras causas de extinción que se poderán establecer regulamentariamente, as autorizacións extinguiranse transcorridos trinta días naturais consecutivos desde o cesamento da actividade que constitúa o obxecto delas sen causa xustificada, por solicitude do titular do establecemento ou local no que se realice o xogo, por solicitude do titular da autorización correspondente ou transcorrido o prazo de duración máxima establecido no parágrafo anterior.

Polo que se refire ás autorizacións de instalación e localización dunha máquina de tipo B ou dunha máquina auxiliar de apostas en establecementos de restauración e de ocio e entretemento, o titular do referido establecemento ou local non poderá solicitar unha nova extinción en tanto non transcorrera un ano dende a última solicitude de extinción.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Emenda n º 21, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 52

Modifícase o número 4 do artigo 52 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026:

«4. As vivendas que se constrúan nestes solos poderán destinarse ao réxime de alugueiro ou venda **e os aloxamentos compartidos unicamente poderán destinarse a alugueiro. Ambos os dous supostos terán cualificación permanente**.»

Emenda n º 22, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 61

Modifícase o apartado seis do artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Seis. O artigo 38 queda redactado como segue:

«Artigo 38. Procedemento para o outorgamento da autorización autonómica en solo rústico

1. A competencia para o outorgamento da autorización autonómica prevista nesta lei corresponde á persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo.

2. A persoa promotora presentará a solicitude de autorización sectorial ante o órganocompetente en materia de urbanismo acompañada de anteproxecto redactado por técnico competente, co contido que se detalle regulamentariamente.

O dito órgano poderá requirir da persoa promotora a documentación e información complementaria que estime necesaria ou ben a

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

emenda das deficiencias da solicitude para adaptarse ao disposto na presente lei.

3. O órgano competente en materia de urbanismo examinará a adecuación da implantación do uso solicitado á presente lei, **correspondendo ao concello verificar o cumprimento das condicións de edificación no outorgamento do título habilitante de natureza urbanística.**

Transcorrido o prazo **de tres meses** sen resolución expresa, **a contar dende a entrada da documentación completa no rexistro da consellería**, a mesma entenderase outorgada por silencio administrativo.»

Emenda n º 23, ao apartado 7, de Modificación. Artigo 61

Modifícase o apartado sete do artigo 61, que queda coa seguinte redacción:

Sete. Modifícase o número 2 do artigo 41, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. En solo urbanizable de uso residencial ou hoteleiro, a superficie edificable total de cada sector non poderá superar os seguintes niveis de intensidade:

a) En municipios con poboación igual ou superior a 50.000 habitantes: Un metro cadrado edificable por cada metro cadrado de solo.

b) En municipios con poboación igual ou superior a 20.000 habitantes e inferior a 50.000 habitantes, e en municipios considerados cabeceiras do sistema urbano intermedio nas Directrices de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

ordenación do territorio: 0,85 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

c) En municipios con poboación igual ou superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes, e en municipios considerados nodos para o equilibrio do territorio nas Directrices de ordenación do territorio: 0,60 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

d) No resto de municipios: 0,40 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

Os niveis de intensidade previstos neste número incrementaranse nun 20% cando alomenos o 60% da superficie total do sector se destine á construción de vivendas protexidas, con independencia das limitacións de edificabilidade que estableza o planeamento.

O planeamento de desenvolvemento deberá garantir o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

O planeamento xustificará a edificabilidade asignada en cada ámbito, segundo os criterios establecidos polo artigo 51.4, valorando o parque de vivendas existente.»

Emenda n º 24, ao apartado 17 bis), de Adición. Artigo 61

Engádese o apartado dezasete bis ao artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, coa seguinte redacción:

Dezasete bis. Modifícase o número 1 do artigo 90, que queda redactado como segue:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

«1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do plan urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestes edificios, construcións e instalacións poderá manterse o uso preexistente, en todo caso, mesmo se se trata de usos non permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística vixente, e tamén poderán autorizarse os usos permitidos pola ordenanza ou normativa urbanística que resulte de aplicación.

En ambos casos poderán realizarse as obras de conservación, reforma e reparación así como as que esixa a normativa en materia de habitabilidade ou a utilización conforme ao destino establecido, mesmo as de consolidación que non impliquen un incremento da ocupación nin do volume edificado, agás que resulte necesario para o cumprimento da normativa sectorial que puidese resultar de aplicación.

En todo caso, as persoas propietarias deberán renunciar ao incremento do valor expropiatorio, sen que tal renuncia afecte ás obras que sexa obrigatorio realizar para manter o inmoble en adecuadas condicións de conservación, de acordo co correspondente informe de avaliación do edificio, cando este sexa obrigatorio segundo a normativa vixente.

O réxime previsto neste número será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos devanditos ámbitos.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Emenda n º 25, ao apartado 18 bis), de Adición. Artigo 61

Engádese o apartado dezaoito bis do artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, coa seguinte redacción:

Dezaoito bis. Modifícase o número 4 do artigo 143, que queda redactado como segue:

«4. No suposto de que a licenza urbanística fose outorgada con base nun proxecto básico, o inicio das obras autorizadas exixirá a presentación dunha comunicación previa, acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda.

Coa devandita comunicación previa xuntarase, ademais, un documento asinado pola persoa técnica que redactase o proxecto de execución, onde sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza sen introducir modificacións substanciais.

Se o proxecto de execución modifica de forma substancial o proxecto básico autorizado, a persoa interesada deberá solicitar previamente a modificación da licenza outorgada coa documentación exixida, e non poderá iniciar a obra en tanto no a obteña.

Para estes efectos, terán a consideración de modificacións substanciais do proxecto básico os cambios de uso, así como aquelas que afecten de forma significativa as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, as alturas, os recuamentos e a separación a lindeiro, o número de vivendas, as condicións de seguridade e outras de análoga incidencia.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Emenda n º 26, ao apartado 21, de Modificación. Artigo 61

Modifícase o apartado vinte e un do artigo 61 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Vinte e un. Engádese unha disposición transitoria décimo primeira coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo primeira. Niveis de intensidade previstos nos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio en tramitación para a construción de vivendas protexidas.

Os instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio que prevexan a construción de vivendas protexidas na porcentaxe prevista no artigo 41.2, que se atopen en tramitación con anterioridade a 1 de xaneiro de 2026, poderán incrementar os niveis de intensidade asignados nos mesmos ata un 20% e continuar coa súa tramitación sempre que non se acadase a fase de **aprobación inicial.**»

Emenda n º 27, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 62

Modifícase o apartado seis do artigo 62 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 82, que queda redactado como segue:

«**2. Poderán acollerse ao financiamento do fondo os concellos que reúnan o requisito de poboación sinalado no número 1, co obxecto de financiar, mediante préstamo sen xuros concedido**

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo, as actuacións seguintes:

a) Actuacións promovidas polos concellos en desenvolvemento das competencias que lles atribúe a presente lei ou a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.

b) Actuacións de rehabilitación e rexeneración e renovación urbanas, incluída a urbanización e reurbanización, realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.

c) Adquisición de inmobles, incluído solo, para a súa posterior rehabilitación ou para a realización de actuacións de rexeneración e renovación urbanas.

d) Elaboración de plans especiais de protección e calquera outro documento técnico complementario de adaptación ou homoxeneización dos ditos plans.

e) Calquera outra actuación de rehabilitación, rexeneración ou renovación urbanas que se acorde por resolución da Presidencia do Instituto Galego da Vivenda e Solo.»

Emenda n º 28, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 64

Modifícase o apartado catro do artigo 64, que pasa a ter a seguinte redacción:

Catro. Modifícase o artigo 74, que queda redactado como segue:

«**Artigo 74. Obras públicas de interese xeral**

1. Terán a consideración de obras públicas de interese xeral e, consecuentemente, non estarán suxeitas a licenza urbanística

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

nin a ningún dos actos de control preventivo municipal, as seguintes:

a) As obras de construción de vivendas protexidas de promoción pública e de aloxamentos compartidos promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo ou por unha entidade participada maioritariamente por el, incluídas as obras de urbanización que fosen necesarias.

b) As obras de demolición de edificacións ou construcións necesarias para o desenvolvemento dos proxectos de interese autonómico para a creación de solo residencial previstos nos artigos 62 e seguintes.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Solo ou unha entidade participada maioritariamente por el solicitará, se for o caso, os informes sectoriais preceptivos que, no caso dos informes autonómicos, deberán ser emitidos no prazo dun mes.

Logo de transcorrer o prazo normativamente previsto para a emisión do informe sen que este fose notificado á entidade promotora, entenderase emitido con carácter favorable e que non existen obxeccións á actuación proxectada.

3. O Instituto Galego da Vivenda e Solo ou a entidade participada maioritariamente por el, con carácter previo ao inicio das obras, aprobará o proxecto básico e remitirá ao concello correspondente a documentación acreditativa de tal aprobación cun informe sobre o cumprimento da normativa urbanística aplicable, así como toda a documentación técnica que proceda.

4. Cando o proxecto sexa promovido por unha entidade participada maioritariamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, achegarase, así mesmo, a conformidade deste organismo.

5. O concello, no prazo dun mes, deberá emitir informe sobre a súa conformidade ou desconformidade coa ordenación vixente.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Transcorrido este prazo sen que o concello se pronuncie expresamente, entenderase que o proxecto é conforme coa ordenación vixente. No caso de que o concello informe que existe unha desconformidade, o Instituto Galego da Vivenda e Solo ou a entidade participada maioritariamente por el, adaptará, se procede, o seu contido e comunicará ao concello as rectificacións efectuadas.

6. A aprobación do proxecto básico ou das súas modificacións incorporando, de ser o caso a resolución de conformidade producirá os mesmos efectos que a obtención da licenza urbanística municipal. A aprobación do proxecto de execución ou, de ser o caso, a resolución de conformidade co proxecto de execución no suposto previsto no número 4, permitirán o inicio das obras que constitúen o seu obxecto con efectos desde a súa data.

7. Nos proxectos de construción de vivendas protexidas de promoción pública e de aloxamentos compartidos previstos neste artigo, o certificado de fin de obra, acompañado dun informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo acreditativo de que as obras poden ser entregadas ao uso público, producirá os mesmos efectos que a comunicación previa de primeira ocupación de edificacións.

8. Os notarios e rexistradores, no marco do establecido na lexislación estatal aplicable, exixirán, para outorgar escrituras notariais e inscribir os parcelamentos urbanísticos, as segregacións ou as divisións de terreos vinculados aos proxectos de construción de vivenda protexida referidos neste artigo, a resolución administrativa de aprobación definitiva dos citados proxectos ou a resolución de conformidade do Instituto Galego da Vivenda e Solo prevista nos números 4 e 6, en substitución da declaración de innecesariedade de licenza prevista no artigo 150.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Igualmente, para os efectos establecidos no artigo 44 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e de acordo co previsto na lexislación estatal aplicable, para outorgar e inscribir escrituras notariais de declaración de obra nova das vivendas e aloxamentos compartidos previstos neste artigo, exixirán a resolución administrativa de aprobación definitiva dos proxectos de construción, a certificación de final de obra e o informe do Instituto Galego da Vivenda e Solo a que se refire o número anterior.»

Emenda n º 29, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 64

Suprímese o apartado cinco do artigo 64 (Modificación da Lei 5/2024, do 27 de decembro de Medidas Fiscais e Administrativas) que quedasen contido.

Emenda n º 44, ao apartado 7 bis), de Adición. Artigo 64

Engádese un apartado sete bis ao artigo 64, coa seguinte redacción:

Sete bis. Modifícase o número 3 da disposición derradeira terceira da Lei 5/2024, que queda redactado como segue:

«3. Exceptúase do previsto no número 1 o disposto nos artigos 11 bis, 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na redacción dada por esta lei, que producirá efectos e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2027. Desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2026 manterase en vigor e aplicarase a regulación recollida nos artigos 14, 15 e 16 da Lei

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

8/2009, do 22 de decembro, na redacción vixente inmediatamente anterior á data de entrada en vigor da presente lei.»

Emenda n º 30, de Modificación. Artigo 74

O artigo 74 queda redactado como segue:

Artigo 74. Modificación do Decreto 291/2001, do 8 de novembro, polo que se configuran as categorías de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información, técnicos de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnicos especialistas en sistemas e tecnoloxías de información.

Un. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 1, que quedan redactadas como segue:

«a) Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información que se inclúe dentro das de persoal estatutario de xestión e servizos que integran o subgrupo A1 segundo o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

b) Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información que se inclúe dentro das de persoal estatutario de xestión e servizos que integran o subgrupo A2 segundo o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro.»

Dous. Modifícanse o penúltimo e antepenúltimo parágrafo do artigo 1 que quedan redactados como segue:

«Para o acceso á categoría de técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información requírese estar en posesión da titulación universitaria oficial de grao, licenciado/a universitario/a ou de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Enxeñería en: telecomunicacións, informática, matemáticas, estatística, física, intelixencia artificial ou ciencia do dato, ou titulacións equivalentes do nivel 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) dos mesmo ámbitos de coñecemento.

Para o acceso á categoría de Técnico de Xestión de Sistemas e Tecnoloxías da Información requírese estar en posesión da titulación universitaria oficial de grao, enxeñería, diplomado/a universitario/a ou Enxeñería Técnica en: telecomunicacións, informática, matemáticas, estatística, física, intelixencia artificial ou ciencia do dato, ou titulacións equivalentes dos niveis 2 e 3 do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) dos mesmos ámbitos de coñecemento.»

Emenda n º 31, ao apartado 18 bis), de Adición. Artigo 78

Engádese un apartado 18 bis ao artigo 78, coa seguinte redacción:

Dezaoito bis. Engádese unha disposición adicional décimo cuarta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Protección do Camiño de Fisterra e Muxía, do Camiño Portugués e da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe*

1. As rutas do Camiño de Fisterra e Muxía, do Camiño Portugués e da Vía da Prata ou Camiño Mozárabe teñen a consideración de bens catalogados, coa categoría de territorios históricos de acordo co disposto no artigo 75.1.

2. O trazado das rutas dos indicados Camiños de Santiago será o recollido no Plan básico auto-nómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo. Os territorios históricos destes

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Camiños de Santiago virán definidos de acordo co establecido no artigo 66 do indicado Plan.»

Emenda n º 32, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 83

Suprímense os apartados un e dous do artigo 83 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que quedan sen contido.

Emenda n º 33, ao apartado 12, de Adición. Artigo 83

Engádense os apartados doce bis e doce ter do artigo 83 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, coa seguinte redacción:

Doce bis. Modifícase o número 1 da letra i) do artigo 128, que queda redactado como segue:

«1. A realización de repoboacións forestais coas especies que estean expresamente prohibidas nesta lei, ou a realización de actuacións ou omisións que incumpran a disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación de terra agraria de Galicia.»

Doce ter. Modifícase a letra n) do número 2 do artigo 129, que queda redactada como segue:

«n) As infraccións tipificadas no número 1 da letra i) do artigo 128.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Emenda n º 52, de Modificación. Artigo 85

Modifícase o apartado dezasete do artigo 85 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que pasa a ter a seguinte redacción:

Dezasete. Engádense os números 7 e 8 á disposición transitoria novena, coa seguinte redacción:

«7. Excepcionalmente e co fin de restaurar as masas de de piñeiro radiata (Pinus radiata) gravemente afectadas pola enfermidade da Banda marrón (Lecanosticta acicola) poderán autorizarse reforestacións do xénero Eucalyptus. O anterior será de aplicación ás masas puras de piñeiro radiata e ás masas mesturadas pé a pé, dentro dunha mesma referencia catastral. Nunha masa mesturada pé a pé entenderase por especie dominante aquela ocupación que dentro da mesma referencia catastral supoña unha porcentaxe de pés maiores de piñeiro radiata superior ao 50% do total da masa. Para estes efectos, consideraranse pés maiores aqueles que presenten un diámetro normal igual ou superior a 7,5 centímetros. Para o cómputo da superficie ocupada de masas mesturadas de piñeiro radiata excluiranse os rodais de masas puras doutras especies existentes na parcela catastral.

Estas autorizacións só poderán concederse cando se cumpran todos os seguintes requisitos:

a) Eliminación da totalidade das masas piñeiros afectadas pola enfermidade da Banda marrón (Lecanosticta acicola) dentro da referencia catastral, co fin de favorecer a erradicación da enfermidade.

b) A plantación do xénero Eucalyptus quedará limitada a un máximo do 50% da superficie de piñeiro eliminada, debendo repoboarse o 50% restante con calquera outra especie de coníferas e/ou frondosas permitidas, agás o xénero Eucalytus.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

c) A plantación do xénero Eucalyptus quedará limitada a un máximo dunha única quenda de corta. Transcorrido o prazo desta quenda de corta a persoa titular do dereito de aproveitamento queda obrigada á plantación da superficie con calquera outra especie de coníferas ou frondosas, agás o xénero Eucalytus.

A autorización poderá denegarse se non se xustifica suficientemente a gravidade da afectación da enfermidade e a consecuente falta de viabilidade da explotación, aspectos que poderán ser obxecto de desenvolvemento regulamentario.

8. O establecido neste artigo entenderase sen prexuízo do réxime aplicable en cada caso ás repoboacións reguladas nela, de acordo coa normativa sectorial correspondente, xa sexa por mor do tipo de espazo protexido, pola prevención de incendios forestais ou por outras posibles afeccións".

Emenda n º 34, ao apartado 5 bis), de Adición. Artigo 85

Engádese o apartado 5 bis do artigo 85 do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para o ano 2026, que queda coa seguinte redacción:

Cinco bis. Modifícase o número 4 do artigo 32, que pasa a ter a seguinte redacción:

«4. Os terreos identificados como solos de alta produtividade agropecuaria polo Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia ou polos catálogos parciais, en aplicación do artigo 34.2.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, adquirirán a categoría de solo rústico de especial protección agropecuaria.»

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

PARLAMENTO DE GALICIA

Emenda n º 43, ao apartado 2 bis), de Adición. Nova disposición adicional

Engádese una disposición adicional segunda bis, que queda redactada como segue:

Disposición adicional segunda bis. Convocatoria das prazas do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia previstas na oferta de emprego público extraordinaria correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

1. Serán de aplicación as previsións desta disposición para proceder á completa execución das prazas previstas na oferta de emprego público extraordinaria correspondente ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia prevista no Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. As previsións desta disposición fundaméntanse nas seguintes bases:

a) A necesidade de dotar ao sistema público de prevención e defensa contra incendios forestais dunha capacidade de resposta reforzada, inmediata e altamente profesionalizada.

b) A incompleta execución da oferta de emprego público extraordinaria correspondente ao Servizo de Prevención e Defensa

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

contra os Incendios Forestais de Galicia prevista no Decreto 79/2022, do 25 de maio, ao non terse incluído nas convocatorias extraordinarias realizadas todas as prazas nel previstas.

c) O necesario cumprimento das resolucións xudiciais recaídas sobre as convocatorias realizadas.

d) O obxectivo da redución da temporalidade no emprego público.

e) As previsións da disposición adicional terceira do Decreto 79/2022, do 25 de maio, que establece que as prazas incluídas nesa oferta poden ser obxecto dunha redistribución entre os diferentes corpos, escalas e especialidades en función da súa definitiva clasificación na relación de postos de traballo ou en función da realidade das tarefas desenvolvidas e, de ser o caso, das sentenzas xudiciais.

3. A administración autonómica procederá no ano 2026 á convocatoria das prazas de persoal laboral fixo descontinuo, correspondentes ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, previstas no Decreto 79/2022, do 25 de maio, non incluídas nas convocatorias extraordinarias derivadas do indicado decreto.

4. O As prazas, ata un número total de 311, e categorías de persoal laboral fixo descontinuo que serán obxecto de convocatoria, serán en concreto, as que se expresan a continuación, tendo en conta que, para a execución completa da oferta prevista no Decreto 79/2022, do 25 de maio, compútanse o número de prazas correspondentes ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia que foron incluídas no Decreto 143/2023, do 9 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, e tendo en conta,

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

así mesmo, a necesaria reordenación interna das categorías efectuadas neste decreto, en atención á súa equivalencia.

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN	NÚM. PRAZAS
Grupo III	Cat. 100	Bombeiro/a forestal. Xefe/a de brigada	68
Grupo V	Cat. 14	Bombeiro/a forestal	172
Grupo V	Cat. 14A	Bombeiro/a forestal. Conductor/a	71

5. A convocatoria das prazas de persoal laboral fixo descontinuo indicadas nesta disposición efectuarase, con carácter excepcional polo sistema de concurso de méritos, de acordo co previsto polo Decreto 79/2022, do 25 de maio, e de acordo co previsto nos artigos 61.7 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 57.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En particular, o concurso de méritos xustifícase polas seguintes causas:

a) A existencia dun novo escenario climático e operativo, caracterizado por fenómenos naturais máis extremos, maior intensidade e velocidade na propagación do lume, como puxo de manifesto a vaga de incendios de extraordinaria gravidade e intensidade que sufriu Galicia durante o verán e outono de 2025, cunha afectación territorial e social sen precedentes.

b) A necesidade de dotar ao sistema público de prevención e defensa contra incendios forestais dunha capacidade de resposta reforzada, inmediata e altamente profesionalizada.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

c) O obxectivo de adaptar os recursos humanos á nova situación, o que fai imprescindible reorientar a política de emprego público neste ámbito estratéxico, apostando con claridade pola experiencia acumulada, a profesionalidade e a valía do persoal que leva anos desenvolvendo funcións de prevención e defensa.

d) A prioridade de dispor, no menor prazo posible, do mellor cadro profesional fixo para afrontar retos que afectan directamente á seguridade das persoas, á protección dos bens e ao patrimonio natural de Galicia.

e) A planificación da campaña de prevención e defensa contra os incendios forestais do ano 2026 que require que a Administración dispoña, con suficiente antelación, dos recursos humanos necesarios e plenamente operativos, co fin de garantir a mellor preparación técnica e organizativa.

f) A complexidade dos labores preventivos, que implican actuacións durante os meses previos ao verán, e esixe contar cun cadro de persoal estable e experimentado xa incorporado e formado, de maneira que poida desenvolver con eficacia as tarefas de planificación, prevención e resposta inmediata fronte aos lumes, polo que resulta imprescindible axilizar ao máximo o proceso selectivo, asegurando que as prazas vacantes se cubran canto antes mediante un sistema que permita recoñecer a experiencia e a profesionalidade do persoal.

6. Aos concursos de méritos, en coherencia co indicado nas causas aludidas no número anterior, será aplicable o establecido nos artigos 6 a 11, 13 e 14 da Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Atendendo á finalidade destes procesos selectivos, non será de aplicación a reserva de prazas para a promoción interna.

7. En particular, atendendo ás finalidades recollidas no número 5 desta disposición, e de acordo co establecido no artigo 14.1 da Lei

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

5/2022, do 21 de decembro, nos casos nos que as convocatorias de prazas correspondentes ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia derivadas do Decreto 79/2022, do 25 de maio, foran declaradas nulas ou anuladas por sentenza xudicial firme, a Administración autonómica, por razóns de protección da seguridade xurídica e da confianza lexítima, e sempre sen prexuízo de establecido nas resolución xudiciais, procurará, a máxima protección dos dereitos das persoas aspirantes de boa fe que non sexan responsables das irregularidades ou vicios acaecidos e superaran os procesos selectivos, articulando as medidas precisas para que poidan manter os seus nomeamentos e condición de persoal empregado público.

8. Modifícase o Anexo I do Decreto 143/2023, do 9 de novembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, unicamente para suprimir das prazas ofertadas as correspondentes ás seguintes categorías de persoal laboral:

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN
Grupo III	Cat. 100	Bombeiro/a forestal. Xefe/a de brigada
Grupo V	Cat. 14	Bombeiro/a forestal
Grupo V	Cat. 14A	Bombeiro/a forestal. Condutor/a

9. En consonancia co establecido no número 8, e para posibilitar a execución desta disposición adicional, a Administración autonómica desistirá das convocatorias de prazas correspondentes ás categorías citadas nel, efectuadas mediante as seguintes resolucións:

a) Resolución do 18 de xullo de 2025 pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso na categoría 100 do

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

grupo III de persoal laboral da Xunta de Galicia, bombeiro/a forestal xefe/a de brigada.

b) Resolución do 18 de xullo de 2025 pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso nas categorías 14 (bombeiro/a forestal) e 14A (bombeiro/a forestal condutor/a) do grupo V do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Procederase, polo tanto, á finalización e arquivo de ditas convocatorias e á devolución de oficio das cantidades aboadas polas persoas aspirantes en concepto de taxas por dereitos de exame.

Esta disposición será obxecto de aplicación retroactiva se no momento da súa entrada en vigor a desistencia de ditas convocatorias se tivera xa producido por parte da Administración.

10. Non obstante o establecido no numero 9, a Administración autonómica incluirá na oferta de emprego público correspondentes ao ano 2026 un número de prazas de persoal funcionario ou laboral, correspondentes ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia que, sumadas ás correspondentes ás ofertas dos anos 2024 e 2025, sexa, ao menos, equivalente ás incluídas nos procesos dos que se tivera desistido.

Emenda n º 38, ao apartado 3 bis), de Adición. Nova disposicion transitoria

Introdúcese unha disposición transitoria (futura cuarta) no Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, coa seguinte redacción:

Disposición transitoria cuarta. *Reasignación de medios ao Consello Consultivo de Galicia*

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Á entrada en vigor da presente lei, o Consello Consultivo de Galicia procederá á reordenación e reasignación dos medios persoais e materiais da institución para garantir o cumprimento dos fins e funcións que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, lles atribúe ao Comisionado da Transparencia e á Comisión da Transparencia.

Emenda n º 39, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Modifícase a disposición derradeira primeira do Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para 2026, que queda redactada do seguinte xeito:

Disposición derradeira primeira. *Modificacións regulamentarias*

As previsións contidas nos seguintes decretos, que son obxecto de modificación por esta lei, poderán ser modificadas por norma do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran:

a) Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da medalla de Galicia.

b) Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia.

c) Decreto 291/2001, do 8 de novembro, polo que se configuran as categorías de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información, técnicos de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnicos especialistas en sistemas e tecnoloxías de información.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

d) Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes.

e) Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo.

f) Decreto 105/2005, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais

g) Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

h) Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade.

i) Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia.

j) Decreto 56/2014, do 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

k) Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en mano común en actuacións de mellora e protección forestal.

l) Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

m) Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

n) Decreto 97/2019, polo que se regulan as competencias da C.A. de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

ñ) Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

o) Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

Emenda n º 40, ao apartado 2, de Modificación. Disposición derradeira terceira

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Modifícase a letra a) do número 2 da disposición derradeira terceira do proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, que quedaría coa seguinte redacción:

a) O disposto **nos apartados** dezaseis **e vinte e dous** do artigo 5 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, na redacción dada por esta lei, que producirán efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Emenda n º 41, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Modifícase a Exposición de motivos que pasa a estar redactada como segue:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas. O debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa de que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos en que desenvolve a súa acción. Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se expoñen na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúan á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola comunidade autónoma a través da execución orzamentaria. Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que se incorporan outras de carácter administrativo.

II

A estrutura desta lei divídese en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás de carácter administrativo. O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos. O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. A situación derivada dos incendios que afectaron a Galicia durante o verán de 2025, adquiriu unha especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca. Estes factores favoreceron a rápida propagación do lume, ocasionando danos en bens públicos e privados.

Os acontecementos rexistrados determinaron unha situación de emerxencia humanitaria e social para a cidadanía afectada, debido aos danos persoais e materiais que se produciron, o que fixo necesario artellar un sistema de axudas para paliar os danos causados e mesmo, preventivamente, estender o prazo inicialmente establecido ao outono de 2025.

En relación con estas axudas, reguladas no Decreto 76/2025, do 29 de agosto de 2025, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios forestais que afectan a Galicia durante o verán e o outono de 2025, elimínase a tributación no Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) para o ano 2025.

Así mesmo, para que os actos e negocios destinados a reparar ou a substituír os bens danados polos incendios non supoñan un maior custo aos afectados, elimínase a tributación que levan consigo os

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

actos ou negocios destinados ás ditas finalidades, de tal xeito que estas actuacións non supoñan un maior desembolso que o correspondente ao propio custo de substitución dos bens.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, consciente das especiais necesidades de atención e apoio que precisan as persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica ou dos seus fenotipos, unha enfermidade neurodexenerativa que deriva nunha gran dependencia, vén realizando a convocatoria de axudas económicas coa finalidade de prestar apoio ás necesidades que van xurdindo na evolución da referida enfermidade e de reforzar a cobertura existente na actualidade a través do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Estas axudas tributan no IRPF como ganancia patrimonial, integrándose na base impoñible xeral. Ao efecto de aliviar a carga fiscal dos importes desas axudas, incorpórase unha dedución na cota íntegra autonómica deste imposto, que consistirá no importe resultante de aplicar os tipos medios de gravame da base impoñible xeral ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable.

Nesta mesma liña, as persoas afectadas pola substancia activa «talidomida» ao longo do período 1950-1985 teñen dereito segundo a normativa estatal e segundo os recoñecementos realizados xudicialmente á obtención dunha axuda pública, que tributa igualmente no IRPF como ganancia patrimonial. Dende hai tempo as persoas afectadas veñen requirindo do Estado a exención da tributación neste imposto, de forma equiparable a outras dúas exencións contempladas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, como son as percibidas polas persoas afectadas polo virus de inmunodeficiencia humana ou as persoas afectadas polo tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público.

A Xunta de Galicia, coñecedora da situación das persoas afectadas, dentro da súa capacidade económica e coa finalidade de aliviar esa

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

carga fiscal e que a axuda sexa empregada en atender ás necesidades destas persoas, incorpora unha dedución na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, que consistirá no importe resultante de aplicar os tipos medios de gravame da base impoñible xeral ao importe da subvención ou axuda pública na base liquidable. Sendo que estas axudas se veñen percibindo dende o ano 2023 e para evitar calquera diferenza de trato entre as persoas afectadas en Galicia, esta dedución terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2023.

Modifícase a redacción da dedución en IRPF por gastos derivados da adecuación dun inmoble baleiro con destino ao aluguer como vivenda, aplicable a partir da declaración do exercicio 2025, para permitir a dedución dos gastos realizados para tal fin no período impositivo no que se materialice o arrendamento, así como para concretar o período de duración das obras que dean lugar á aplicación da dedución.

As familias monoparentais teñen a consideración de familias de especial consideración de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. O artigo 18.f) desta lei establece que os membros das familias de especial consideración terán trato preferente no ámbito económico, mediante o establecemento pola Xunta de Galicia de axudas e beneficios fiscais na área das súas competencias.

Por tanto, co obxecto de alixeirar a carga tributaria na adquisición da vivenda habitual polas familias monoparentais, establécese un tipo de gravame reducido do 3% na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas e do 0,5% na modalidade de actos xurídicos documentados do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, nas transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte e unha dedución na cota do 100% cando a vivenda se atope en zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Así mesmo, increméntase o límite establecido ata o de agora, de 150.000 €, para poder aplicar o tipo reducido no Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITPeAXD) por vítimas de violencia de xénero, tomando como referencia o prezo medio de adquisición dunha vivenda de tamaño medio, que ascendería a uns 240.000 €. Na mesma liña de facilitar o acceso á vivenda, modifícase o límite para as diferentes situacións nas que a persoa adquirente pode beneficiarse do tipo bonificado para a adquisición da vivenda habitual.

Ese límite foi establecido no ano 2013 e cómpre agora modificalo nun dobre aspecto: por unha banda, cómpre desdobralo de xeito que se teña en conta tanto o valor de adquisición da vivenda como o valor do patrimonio das persoas adquirentes, e, pola outra, cómpre actualizar o importe dese límite, consonte coa evolución dos prezos da vivenda. Tómanse para isto como referencia os valores declarados de vivenda colectiva nas adquisicións de inmobles para o ano 2025 nas 7 cidades e nos 8 concellos con máis de 30.000 habitantes, de xeito que o prezo medio dunha vivenda de 110 metros cadrados construídos ascendería a uns 240.000 euros. Mantense, no entanto, a valoración determinada para as familias numerosas, dadas as especiais características das súas necesidades.

No contexto actual cómpre potenciar fórmulas asistenciais para procurar unha existencia digna e satisfactoria das persoas, especialmente en contextos onde as persoas maiores non contan cun sistema de apoio familiar, favorecendo que continúen nos seus domicilios, fomentando a solidariedade social e aliviando a presión sobre os servizos sociais.

O noso dereito civil ten regulada unha figura, o contrato vitalicio, que consiste en que unha ou varias persoas se obrigan respecto a outra ou outras a prestar alimentos, nos termos conveniados, a cambio da cesión de determinados bens ou dereitos.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

A realidade é que esta é unha figura pouco empregada debido á súa tributación sobre todo cando o ben cedido a cambio dos alimentos é un ben inmoble e a diferenza de valoración das contraprestacións é substancial. Nese caso, a diferenza de valoración tributa como doazón. Normalmente este contrato realízase entre persoas con vínculos de parentesco afastados ou mesmo sen vínculos.

De aí que, mediante esta regulación, o que se pretende é incentivar estes contratos de dous xeitos: por un lado, establecendo un tipo xeral para estas operacións do 4% no Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas, no caso de que se trate da transmisión de bens inmobles, e por outro, establecendo unha tributación no imposto sobre doazóns, para os graos de parentesco máis afastados, que se achegue á prevista para os graos máis próximos.

Ao mesmo tempo, establécese unha dedución do 100% da cota para o caso de que a persoa alimentista garanta o contrato de vitalicio.

Por último, no que atinxe á aplicación das reducións de carácter subxectivo nos impostos sobre sucesións e doazóns, modifícase a norma para clarificar a aplicación acumulativa das reducións por parentesco, na liña en que xa o viña interpretando a Axencia Tributaria de Galicia, cando existan varios negocios mortis causa dunha mesma persoa causante a unha mesma adquirente.

O capítulo II, dividido en dúas seccións, regula as taxas e prezos públicos. Está integrado por un precepto no cal se establece que os tipos das taxas de contía fixa non experimentarán ningunha actualización respecto ás contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei. Por outra banda, recóllese a exención do pagamentos das taxas para aqueles procedementos consecuencia dos incendios do verán e do outono do ano 2025 co fin de aliviar os custos asociados. Con base nesta mesma causa, contémplase igualmente unha exención no canon da auga e, no seu caso, no canon de xestión de depuradoras, para aqueles contribuíntes que se viron afectados polos anteditos incendios.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Igualmente, introdúcense diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, consistentes tanto na creación de novas tarifas como na modificación ou eliminación dalgunhas vixentes. Cabe destacar a inclusión dunha exención do pagamento de taxas cando a actividade gravada sexa consecuencia dalgún acontecemento extraordinario asociado a situacións de emerxencias ou catástrofes orixinadas por causas naturais ou derivadas da acción humana, sexa esta accidental ou intencionada, circunstancias sanitarias, medioambientais, tecnolóxicas de carácter excepcional ou de forza maior e a exención para as entidades locais do pago das taxas por anuncios no Diario Oficial de Galicia relativos á ocupación do dominio público marítimo-terrestre.

Por último, no que atinxe aos prezos públicos, modifícase o Decreto 56/2014, do 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias co fin de realizar unha actualización en relación cos custos reais das prestacións.

Pola súa banda, o título II divídese en XIII capítulos.

O capítulo I introduce medidas en materia de seguridade pública, mobilidade, espectáculos públicos e estatística.

Modifícase a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais por razóns de seguridade xurídica, co fin de dar maior operatividade a estes corpos ao garantir a efectiva cobertura de prazas e a prestación do servizo policial nos concellos afectados.

Abórdase unha modificación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e doDecreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia,co fin de adaptar a regulación ás novidades lexislativas experimentadas na prestación dos servizos de aluguer con condutor.A urxencia da modificación

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

doDecreto 103/2018, do 13 de setembro,deriva da súa necesaria adaptación á nova regulación lexislativa.

As medidas propostas teñen por obxecto a supresión da folla de roteiro e a substitución da levanza a bordo do vehículo do contrato nos servizos de arrendamento de vehículos con condutor e a adaptar a documentación esixible aos servicios regulares.

Na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas realízanse modificacións en materia sancionadora, co fin de tipificar unha nova infracción e modificar a competencia dos órganos para impoñer as correspondentes sancións.

Realízase unha revisión puntual da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia coa finalidade de modificar a composición do Consello Galego de Estatística.

A modificación introducida na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ten por finalidade a mellora da seguridade na instalación das atraccións de feira. Esta modificación implica a correlativa do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecemento.

Igualmente, apréciase a concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral que esixen a regulación e posterior actualización por parte da Administración dos prezos mínimos que deben percibir as ECCOM pola prestación dos seus servizos, co obxecto de evitar prácticas que supoñan a fixación de prezos inferiores aos de mercado con asento na relaxación ou eliminación das garantías, estándares e controis que deben ser asumidos na prestación de servizos vinculados ás funcións de certificación, comprobación e control periódico que asumen as ECCOM, protexéndose así a independencia,

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

obxectividade e fiabilidade no exercicio das ditas funcións e a legalidade e calidade dos seus servizos.

Modifícase o Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da medalla de Galicia coa finalidade de aclarar a regulación existente da forma de concesión das medallas e, en particular, reafirmar que se poden conceder a iniciativa propia da Presidencia da Xunta da Galicia, por Decreto do Consello da Xunta, tendo en conta a natureza de honor ou distinción que supón o outorgamento da medallas, así como o seu carácter de recoñecemento de méritos e circunstancias concorrentes nos galardoados ou galardoadas, apreciados pola propia presidencia coa máis ampla discrecionalidade, o que fai que non teña sentido considerar que se deba instruír un expediente específico de concesión nestes casos. A tramitación do expediente de concesión previsto no decreto, cuxo obxecto consiste en investigar e documentar os posibles méritos dos candidatos e, no seu caso, formular unha eventual proposta, só ten sentido, polo tanto, no caso de que se presenten propostas razoadas de candidatos por autoridades, institucións e entidades públicas ou privadas galegas, como prevé o decreto, polo que se aclara a regulación existente neste sentido. Así mesmo, na mesma liña de evitar formalismos excesivos, elimínase a comisión asesora prevista na norma.

Por último, modifícase o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, coa finalidade de adaptar o seu contido ao disposto na normativa de aplicación así como ao emprego da linguaxe inclusiva.

O capítulo II é o relativo ao medio ambiente.

Introdúcese dunha disposición adicional na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, coa finalidade de aclarar os efectos da declaración de interese público superior dos parques eólicos e das súas infraestruturas de evacuación en relación coa normativa de protección da paisaxe. Neste sentido, a declaración do

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

interese público superior da planificación, construción e explotación dos parques eólicos de competencia autonómica, así como das súas infraestruturas de evacuación, atendendo ás finalidades en que se basea, terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento da lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación. En particular, considerarase que a instalación de parques eólicos é compatible cos obxectivos de calidade paisaxística recollidos nas Directrices de paisaxe de Galicia. A regulación da disposición, polo demais, establece unha serie de directrices, sen prexuízo das xa recollidas con carácter xeral no antedito documento.

No que atinxe á Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, e como consecuencia da normativa autonómica galega que promove a compartición das infraestruturas de evacuación dos parques eólicos, coa finalidade de evitar a súa duplicidade, complétase a regulación actual, coa finalidade de facilitar o control do adecuado cumprimento das obrigas impostas aos promotores nas correspondentes autorizacións así como o principio de seguridade xurídica na tramitación destes expedientes. Realízanse outras modificacións puntuais coa finalidade de adaptar a normativa autonómica á normativa básica estatal.

Modifícase a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia co obxecto de afianzar a aplicación da presunción de tres persoas por vivenda, non só na determinación dos tramos do tipo de gravame nos usos domésticos da auga, senón que tamén na determinación da base impoñible por estimación obxectiva nestes usos da auga. Paralelamente, aplicaríase esta presunción no canon de xestión das depuradoras e no canon de xestión das redes de colectores,

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

mediante a reforma das disposicións correspondentes da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Realízase así mesmo, nestas dúas últimas normas, unha corrección técnica na exención do pago do canon da auga, así como no canon de xestión das depuradoras e no canon de xestión das redes de colectores, en situacións de necesidade extrema ou catástrofe.

Ademais, inclúense expresamente como actuacións exentas de autorización, licenza ou informe as medidas informativas e de sinalización vinculadas ao Plan de Xestión do Risco de Inundación. En particular, refírese á instalación de paneis nas áreas de risco potencial significativo de inundación, actuacións de baixo impacto ambiental, de carácter preventivo e orientadas á seguridade pública. A súa inclusión no réxime especial permitirá axilizar a execución, reducir cargas administrativas e garantir o cumprimento dos prazos de planificación hidrolóxica.

Esténdese finalmente o prazo de vixencia dos convenios para a execución de obras hidráulicas, na actualidade limitado a un prazo máximo de catro anos que non sempre é adecuado.

Realízanse modificacións puntuais na Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia. Posibilítase que a licenza de caza sexa de cinco anos para que, quen o desexe poida facer coincidir o período da licencia de caza co do permiso de armas, que tamén é de cinco anos, e introdúcense medidas que posibilitarán sancionar tanto a posesión de caza viva ou morta ou dos seus híbridos que non se pode xustificar debidamente, con independencia de se é ou non época de veda.

Na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, procédese a eliminar os importes mínimos de sanción para determinados tipos infractores, deixando esta posibilidade ao órgano instrutor ou resolutorio, atendendo ao principio na proporcionalidade.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Nos últimos anos, a Unión Europea aprobou un conxunto de instrumentos normativos - entre os que destacan o Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 22, polo que se establece un marco para acelerar o despregue de enerxías renovables, a Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de outubro de 2023, pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE no que respecta a promoción da enerxía procedente de fontes renovables e se derroga a Directiva (UE) 2015/652 do Consello e o Regulamento (UE) 2024/223 do Consello, do 22 de decembro de 2023, que modifica o Regulamento (UE) 2022/2577 polo que se establece un marco para acelerar o despregue de enerxías renovables-, que consolidaron a consideración dos proxectos de enerxías renovables como instrumentos cruciais para loitar contra o cambio climático e a contaminación, contribuíndo a abordar os retos relacionados co medio ambiente como a perda da biodiversidade. Por iso, estableceuse que os Estados membros deben presumir que ditas plantas de enerxía renovable e as súas infraestruturas de evacuación son de interese público superior, medida introducida nun primeiro momento con carácter temporal e que adquiriu carácter permanente coa Directiva 2023/2413. Do mesmo xeito, introduce o mandato claro, de que, en todo proceso de ponderación dos intereses xurídicos implicados tanto polos tribunais nacionais como polas autoridades encargadas da concesión das autorizacións, se outorgue prioridade á construción e explotación de instalacións de enerxía eólica, sempre que se apliquen adecuadas medidas de mitigación ou restablecemento.

A Comunidade Autónoma de Galicia, consciente da obriga de loitar contra o cambio climático e protexer o medio ambiente, regulou os ditos mecanismos na Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, declarando de interese público superior a planificación, construción e explotación de parques eólicos autonómicos, a súa prioridade na necesaria ponderación de intereses do caso concreto e establecendo mecanismos de seguimento ambiental e de reacción.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

PARLAMENTO DE GALICIA

O Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, que entrou en vigor o 30 de decembro de 2022, habilitaba expresamente a aplicar os ditos mecanismos aos procesos de autorización cando non recaese resolución definitiva. Por iso, o artigo 36.3 de la Lei 10/2023 entendeu a aplicación destas medidas a todos os proxectos que non dispuxeran de autorización definitiva en vía administrativa de posta en funcionamento, antes do 30 de decembro de 2022, calquera que fora a data de inicio dos procedementos administrativos de autorización.

A aprobación da Directiva 2023/2413, do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de outubro de 2023 pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE) 2018/1999 e a Directiva 98/70/CE, convirte en permanente, ata que se acade a neutralidade climática, a declaración do interese público superior das enerxías renovables. Do mesmo xeito, prevé a prórroga da prioridade de construción e explotación de centrais de enerxía renovables a ponderar os intereses implicados no proceso da súa autorización polo Regulamento (UE) 2024/223.

Á vista desta sucesión normativa procede clarificar o alcance da regulación sobre o interese público superior na Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, á luz da normativa comunitaria aplicable, sen modificar en absoluto a regulación material dos mecanismos que se incorporaron no seu día, por mandato comunitario, nos seus artigos 35 a 37. Por isto, a incorporación de dous novos números no alcance do artigo 36 mediante a presente norma limítanse a aclarar e sistematizar o alcance das disposicións xa vixentes, co fin de reforzar a seguridade xurídica dos operadores, da Administración e da cidadanía, confirmando e precisando o marco normativo existente. Todo isto en aras de acadar os necesarios obxectivos de neutralidade climática e protección de la biodiversidade.

Realízase unha modificación da Lei 2/2024, do 7 de novembro, de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

utilizan os recursos naturais de Galicia, coa finalidade de que estes beneficios se fomenten nas concesións administrativas para a explotación como aproveitamentos hidroeléctricos outorgadas con anterioridade á súa entrada en vigor, establecendo a posibilidade de que os recursos establecidos para estas infraestruturas se poidan destinar á realización daquelas actuacións que poidan mellorar a calidade de vida e contribuír a mellora do medio ambiente nas zonas afectadas, como poden ser todas aquelas relacionadas coa mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Modifícase o Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia, coa finalidade de flexibilizar os requisitos establecidos para a realización de rozas e queimas, o que redunda na protección dos espazos incluídos no seu ámbito de aplicación xa que favorece a realización de accións preventivas en materia de incendios. A importancia da realización das referidas actuacións xustifica a modificación urxente deste decreto.

Finalmente, adáptase o Decreto 97/2019, do 18 de xullo, polo que se regulan as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, á previsión contemplada así mesmo na disposición adicional primeira desta lei para o propio dominio público marítimo-terrestre, de adiantar o inicio da tempada de verán ao período de Semana Santa, de maneira que se estableza un único prazo continuo que remate o 31 de outubro, en coherencia coa realidade social e turística de Galicia e acadándose unha maior seguridade xurídica.

O capítulo III, denominado Educación, modifica a Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos Centros públicos e a autonomía de xestión económica dos Centros docentes públicos non universitarios da Comunidade

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Autónoma de Galicia, coa finalidade de introducir a autonomía de xestión económica dos centros de formación do profesorado.

Igualmente, revísase a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, na que se prevé a creación da Oficina de Apoio ao Profesorado dos centros docentes públicos aos efectos de reforzar as estruturas de apoio ao profesorado e promover unha actitude de tolerancia cero ante calquera tipo de agresión física ou verbal contra os profesionais do ensino.

No capítulo IV, relativo á política social, revísanse as seguintes normas:

Prevese, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o emprego das ferramentas asociadas ao sistema corporativo da Historia Social Única Electrónica por parte das persoas traballadoras sociais da Xunta de Galicia, incluíndo as do sistema sanitario público e as das entidades locais. Esta medida ten a finalidade de simplificar o traballo do persoal dos servizos sociais de base, contribuíndo a unha resolución máis áxil e eficaz dos procedementos de dependencia.

Na modificación da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, exceptúanse os decretos de organización da obrigatoriedade de informe nesta materia, dado que non teñen un impacto demográfico directo e se reducen así cargas administrativas na elaboración de determinadas disposicións regulamentarias, en aras dos principios de simplificación e celeridade. Consecuentemente, incorpórase esta modificación á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

No capítulo V, relativo á economía e industria, modifícase a Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, para axilizar o procedemento de outorgamento de dereitos mineiros e aclarar a posibilidade de continuar cos traballos de investigación autorizados no permiso de investigación durante o tempo que dure a

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

tramitación da prórroga daqueles, así como regular os plans de inspección de seguridade mineira e seguimento ambiental, homoxeneizando a labor de inspección, ao mesmo tempo que esta se coordina co seguimento ambiental. Estes plans serán os instrumentos directores para afondar na consecución dun coñecemento exhaustivo das actividades, establecementos, produtos ou instalacións mineiras en canto á súa posta en funcionamento e condicións de servizo, así como ao cumprimento das declaracións ambientais e dos requisitos regulamentarios e de seguridade mineira e industrial, na procura da sostibilidade ambiental e social, a innovación tecnolóxica, o auxe de novos usos e aproveitamentos e duns altos estándares de seguridade no traballo.

En materia de política industrial, introdúcense modificacións no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro. Estas modificacións teñen por obxecto mellorar a tramitación dos proxectos industriais estratéxicos e as posibilidades de desenvolvemento e implantación de iniciativas empresariais. Así, inclúese a posibilidade de implantar un proxecto industrial estratéxico nun ámbito dun plan sectorial ou dun proxecto de interese autonómico xa aprobados ou en tramitación. Do mesmo xeito, establécese a aplicación do procedemento dos proxectos industriais estratéxicos aos proxectos estratéxicos de cero emisións netas.

En consonancia coas medidas anteriores, inclúense unha serie de cambios na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. Por unha banda, inclúense previsións para axilizar as tramitacións dos distintos instrumentos de creación de solo empresarial. Así, establécese que os ámbitos nos que o plan sectorial estea suficientemente detallado poderán desenvolverse directamente por un proxecto de desenvolvemento e urbanización ou, no seu caso, por un proxecto de urbanización, sen necesidade de aprobar neses ámbitos un plan de ordenación. Por outra banda, incorpóranse medidas para facer máis eficientes e flexibles os mecanismos de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

venta ou alugueiro de solo empresarial promovido pola Sociedade Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Finalmente, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia modifícase coa finalidade de promover a aplicación dos principios do mercado aberto na tramitación autonómica. Tamén, nesta mesma lei, simplifícanse determinados aspectos na instrución do procedemento integrado das autorizacións administrativas para as instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

No capítulo VI, dedicado ao emprego público, modifícase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa finalidade fundamental de adaptala á normativa básica estatal no que atinxe a diversos permisos do persoal funcionario e laboral por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Como consecuencia do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei da Comunidade Autónoma 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, elimínase o período de proba e consecuentemente a causa de cesamento do persoal funcionario interino pola falta de superación deste.

Elimínase a posibilidade da adxudicación de postos en elección de destino con carácter provisional trala superación dun proceso selectivo, coa finalidade de adaptar a norma á recente xurisprudencia existente.

Así mesmo, inclúese unha nova escala dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma, en concreto a escala de Instrutor/a de Pesca. Modifícase o subgrupo da escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia e revísanse as escalas de sistemas e tecnoloxía da información e de xestión de sistemas de informática. Así mesmo, as distintas escalas e especialidades de persoal funcionario reguladas nas disposición

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

adicionais oitava e novena, axústanse, na súa denominación, funcións e titulacións a unha linguaxe inclusiva e de xénero, dando cumprimento ao I Plan de Igualdade da Xunta de Galicia.

Realízase igualmente unha aclaración sobre a reserva de posto para o persoal directivo, que non se estendería ao suposto de posto obtido mediante concurso específico.

Finalmente, prevese o desenvolvemento regulamentario do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, así como do sistema da avaliación do desempeño. En tanto non sexa de aplicación, a Administración autonómica poderá aprobar convocatorias para o recoñecemento do grao profesional acadado.

O capítulo VII, sobre a facenda e administración pública, aborda a revisión de distintas normas.

Modifícase a Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997 e o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, xa que cómpre actualizar a regulación da xestión recadatoria da Facenda de Galicia coa finalidade de adaptalo á terminoloxía da lei de organización da administración galega e co fin de establecer o marco regulatorio do exercicio das funcións de recadación cando determinados ingresos de natureza non tributaria deben ser recadados na vía executiva.

Modifícase a Lei 4/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, para recoller expresamente a posibilidade de renovación do mandato dos membros do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, en consonancia tamén coa previsión establecida noutras comunidades autónomas con órganos equivalentes. Así mesmo, realízanse outras modificacións co obxecto de regular máis axeitadamente o funcionamento do Tribunal nos casos de ausencia dos seus membros, así como para precisar e clarificar o seu réxime de incompatibilidades.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Incluír a modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Establécese un prazo dun ano aplicable aos procedementos de resolución contractual tramitados consonte á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por parte dos órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas entidades instrumentais. Este prazo tamén será de aplicación aos procedementos de resolución contractual que tramiten os órganos de contratación das Entidades Locais e as Universidades Públicas radicadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, clarifícase como se levará a cabo a habilitación dun servizo como proactivo, á vista da gran acollida pola cidadanía deste tipo de servizos. Tamén se realizan outras modificacións para incrementar a seguridade xurídica no uso da vídeo identificación e da sinatura manuscrita dixitalizada no procedemento administrativo. Por último, suprímese a referencia ao órgano competente da xestión do DOG aos efectos de adecualo ao que se determine nos correspondentes decretos de estrutura orgánica.

Por último, na Lei 2/2025, do 2 de abril, da intelixencia artificial realízanse unhas pequenas puntualizacións terminolóxicas e concrecións técnicas para outorgar maior seguridade xurídica, e se prevé a incorporación no Consello galego de intelixencia artificial dunha persoa en representación do Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia.

O capítulo VIII, titulado Xogo e Patrimonio, aborda a modificación de dúas normas.

Por unha banda, na Lei 3/2023, do 4 de xullo, reguladora dos xogos de Galicia, modifícase a regulación do xogo do bingo na súa consideración de xogo excluído para garantir que a organización deste tiporesponda á finalidade e propósitos para os que foi orixinalmente concibido. Así mesmo, delimítanse e acláranse as

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

condicións que permiten considerar os xogos de carácter benéfico ou de utilidade pública como excluídos do ámbito de aplicación da normativa reguladora dos xogos de Galicia. Finalmente, tamén se modifica a regulación do xogo das rifas, co obxecto de delimitar un umbral mínimo de intervención administrativa, eliminando cargas administrativas para os casos de sorteos nos que o seu carácter esporádico, tradicional, familiar ou amistoso, a súa ausencia de ánimo de lucro e escasa entidade económica o fan aconsellable.

Por outra banda, modifícase a Lei 6/2023, do 2 de novembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, para ampliar o control da intervención sobre os expedientes de venda de inmobles, tanto mediante poxa pública como por venda directa, sen ter en conta a súa contía. Tamén se engade unha nova disposición para concretar as peculiaridades derivadas da venda de aforro de enerxía final, adaptando os procesos de venda contemplados na norma. Por último, inclúese unha nova disposición en materia de cooperación local e autonómica para a regularización patrimonial de bens inmobles afectados a un uso xeral ou ao servizo público.

O capítulo IX introduce medidas en materia de vivenda e infraestruturas.

A sección relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda ten por finalidade avanzar na senda iniciada pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para dar cumprimento ao compromiso do Goberno galego de duplicar nos vindeiros anos o parque público de vivenda, así como crear solo para a construción de 20.000 vivendas protexidas.

Neste sentido, axilízase a construción de vivendas protexidas ou aloxamentos compartidos en terreos cualificados nos instrumentos de planeamento urbanístico como uso dotacional para equipamentos ou terciario. Na mesma liña, recóllese a posibilidade de que as entidades locais poidan promover e desenvolver proxectos de interese autonómico para a creación de solo residencial, sempre que

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

o 80% das vivendas que se constrúan estean sometidas a algún réxime de protección pública, simplificando o procedemento para a súa aprobación sen menoscabar a seguridade xurídica.

As modificacións propostas na Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, obedecen, basicamente, á necesidade de cumprir o referido compromiso de duplicar o parque público de vivenda.

Para estes efectos, recóllese expresamente a posibilidade de que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) adquira directamente a título oneroso, en calquera momento, vivendas de promoción pública nas segundas e posteriores transmisións inter vivos no curso da tramitación do procedemento de selección de adquirentes.

Dáse unha nova regulación ao procedemento de adxudicación das vivendas de protección autonómica, dotándoo dunha maior axilidade co fin de habilitar unha resposta máis inmediata ás necesidades reais en materia de vivenda. Neste sentido, exceptúase a esixencia da realización dun sorteo en determinados supostos nos que pode constituír unha delonga innecesaria, garantindo a adxudicación das vivendas ás persoas que cumpran os requisitos esixidos para tal efecto.

Elimínase a referencia á cancelación de oficio polas rexistradoras e rexistradores das notas marxinais relativas ao réxime de protección das vivendas, en cumprimento do Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación coa Administración Xeral do Estado en relación coa Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Para concluír, inclúese unha regulación dos modelos alternativos residenciais que emerxeron nos últimos anos mediante a regulación da figura dos aloxamentos compartidos e das súas condicións de habitabilidade mentres as ditas condicións non se determinen regulamentariamente.

Por outra banda, modifícase a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, coa finalidade de simplificar a tramitación das solicitudes

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

de corta na zona de servidume e desafección, que quedarán suxeitas á presentación de declaración responsable que se presentará ante o órgano competente en materia forestal. Ademais, tipifícanse como infraccións específicas as relacionadas co establecemento ou modificación de accesos sen as autorizacións necesarias ou incumprindo as condicións das autorizacións outorgadas.

Modifícase tamén a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, cun carácter fundamentalmente procedimental, para introducir aclaracións e precisións que contribúan a facilitar a súa aplicación, acurtar prazos de tramitación e disipar as dúbidas que vén suscitando a súa aplicación práctica.

As modificacións da Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, teñen como primeiro dos seus obxectos o de impulsar a adaptación dos instrumentos de planeamento municipal ás esixencias da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

Con esta finalidade, para declarar as áreas de intervención no medio urbano, agás as áreas de rehabilitación integral supramunicipais, introdúcese a exixencia de ter iniciada a redacción do correspondente plan especial de protección do patrimonio cultural ou, de ser o caso, solicitada a homoxeneización dos catálogos de protección. E nesta mesma liña, as referidas áreas unicamente poderán ter acceso ao financiamento dos plans e programas de axudas autonómicos ou estatais cando conten coa aprobación do dito plan especial ou, de ser o caso, coa correspondente resolución de homoxeneización.

Igualmente, harmonízase a regulación das licenzas directas coas modificacións introducidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia respecto das autorizacións previas e simplifícase o procedemento de aprobación dos plans de dinamización exixibles ás áreas de rexeneración urbana de interese autonómico para dotalo dunha maior axilidade, atribuíndoo aos concellos, logo do informe vinculante do IGVS.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Así mesmo, modifícase a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, coa finalidade de axilizar a tramitación das modificacións dos instrumentos de ordenación do territorio, co fin de facilitar a implantación de dotacións públicas.

Modifícase o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, coa finalidade de solventar determinadas cuestións que vén suscitando a aplicación práctica da norma, como a relativa á altura máxima das edificacións ou aos proxectos de obras ordinarias en parcelas dotacionais públicas. A urxencia desta medida vén xustificada pola necesaria e ineludible revisión e axuste regulatorio desta norma que dea resposta á problemática actual de escaseza de vivenda a prezo asequible.

Modifícase a sección 1ª do capítulo X da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, relativa ás medidas extraordinarias e temporais en materia de vivenda, co obxecto de aclarar e resolver determinadas cuestións que suscitou a súa aplicación práctica.

Con esta finalidade, introdúcense precisións nas determinacións mínimas que deben conter os proxectos de interese autonómico para a creación de solo residencial e regúlase, de forma diferenciada, á figura da exclusión da expropiación, a posible participación das persoas propietarias de solo no futuro desenvolvemento daqueles proxectos mediante a promoción e a construción de vivendas nas parcelas que resulten do mesmo.

Por último, matízase o réxime excepcional aplicable ás edificacións non acabadas para dar cobertura a aquelas que, no seu día, dispuxeran de licenza urbanística outorgada para un uso residencial, con independencia de que se declarase a súa caducidade.

O capítulo X, relativo á sanidade, introduce diversas medidas neste ámbito. Así, na sección 1ª, medidas extraordinarias en materia de persoal estatutario e sanitario, se introducen catro medidas. Créase a

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

categoría estatutaria de enxeñeiro/a biomédico/a, vencellada aos avances científicos e tecnolóxicos e á necesidade do redeseño dos servizos públicos de saúde, para proporcionar a mellor e máis avanzada resposta aos retos que estes avances impoñen á sociedade. Nos últimos anos os sistemas sanitarios públicos teñen incrementado as novas profesións de alta especialización, sendo cada vez máis habitual atopar nos seus cadros persoal ligado ás novas tecnoloxías, tales como estatística, matemática, bioloxía, biotecnoloxía, xenética, análise de datos, ou, coma no caso que nos ocupa, a enxeñaría biomédica, os cales veñen a cubrir estas novas necesidades, cada vez máis indispensables en toda organización, como ámbitos de alta complexidade.

Outra das medidas é a relativa á modificación da denominación de "axudante técnico sanitario/diplomado universitario en enfermería (ATS/DUE)", procedente do Decreto 303/1990, do 31 de maio, polo que se desenvolveu a Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, e que cómpre actualizar tendo en conta as denominacións actuais das titulacións profesionais. Neste sentido, o cambio veu determinado pola Lei 44/2003, de 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, e constituía unha demanda do propio colectivo profesional.

Tamén se inclúe o recoñecemento da consolidación de grao persoal para o persoal estatutario, posibilitando a aplicación a todas as categorías de persoal estatutario do réxime de consolidación de grao persoal previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde da Consellería de Sanidade do 24 de maio de 2006. Ademais, a norma permitirá tomar en consideración os servizos previos, incluídos os anteriores á entrada en vigor desta lei, nos termos previstos nas referidas disposicións.

Por outra banda, a lei permitirá a reactivación e prórroga do réxime extraordinario previsto na Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde, que estableceu un prazo de tres anos para convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso, a fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal a determinados postos de difícil cobertura. A presente habilitación lexislativa permitirá reactivar os mecanismos de provisión durante un novo prazo de tres anos.

O mesmo capítulo contempla, na súa sección segunda, outras medidas en materia de sanidade, que afectan entre outras á Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, entre as que se atopa a emisión polo persoal facultativo dos servizos de admisión e demais unidades hospitalarias, dos partes médicos de incapacidade temporal dos/as pacientes en situación de alta laboral ou asimilada que ingresen en réxime de hospitalización, ata a súa alta hospitalaria. Razóns de eficiencia na xestión así como o dereito á continuidade asistencial do/a paciente determinan a necesidade de emitir estes partes no propio centro hospitalario de ingreso do paciente, centralizando este trámite na unidade/s responsable/s de efectuar o seu ingreso (Servizo de Admisión) ou nas unidades hospitalarias encargadas do seu tratamento.

A segunda modificación da dita lei refírese á incorporación dunha disposición relativa á oncoloxía de precisión. Así, a propia Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece como un dos principios do Sistema público de saúde de Galicia a integración de todos os recursos sanitarios públicos, apostando por fórmulas colaborativas, que potencien neste caso a capacidade das unidades asistenciais de alta especialización, como é a protonterapia ou a oncoloxía de precisión, en orde a acadar o maior beneficio posible para as persoas usuarias e conseguir así unha atención global, continuada e eficiente. Deste xeito, formalízase o compromiso do Sistema Público de Saúde de Galicia co desenvolvemento da medicina personalizada e de precisión no ámbito da oncoloxía, posibilitando o establecemento de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

colaboracións con entidades nacionais e internacionais para avanzar na rede de ensaios clínicos na materia, e permitindo unha maior coordinación e uso eficiente dos recursos humanos e tecnolóxicos do Servizo Galego de Saúde.

Tamén se modifica a Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, no relativo ao peche provisional das oficinas de farmacia, a fin de introducir unha excepción no preaviso dun mes, co obxecto de contemplar aquelas situacións nas que o motivo de peche non poida preverse coa antelación necesaria, sempre que se xustifique documentalmente dita imposibilidade, o que amplía a posibilidade da súa procedencia. Esta previsión complétase coa modificación do réxime de peche temporal voluntario de oficinas de farmacia regulado no Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, o cal é tamén obxecto de modificación. Así, inclúense nel novos supostos de peche, como son os motivados por falecemento de familiar do/da titular da oficina de farmacia ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou outros motivos urxentes e/ou imprevisibles de carácter persoal, dando así resposta ás necesidades postas de manifesto polo sector. Resulta urxente a modificación do decreto para dar amparo normativo ao dereito de conciliación, garantindo a atención farmacéutica.

Outra modificación é a que afecta á Lei 2/2022, de 6 de outubro na que se elimina a referencia ao persoal facultativo especialista de área en Psiquiatría e Psicoloxía Clínica e enfermeira/o especialista de Saúde Mental, que estaba vinculado ao desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19, rematado no ano 2024. Tamén se eleva a tres anos o prazo de permanencia na situación de servizo activo a xornada completa no centro elixido e adxudicado como destino no concurso.

Modifícase tamén o Decreto 291/2001, do 8 de novembro, polo que se configuran as categorías de técnicos superiores de sistemas e tecnoloxías da información, técnicos de xestión de sistemas e

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

tecnoloxías da información e técnicos especialistas en sistemas e tecnoloxías de información, adaptadas ás novas exixencias e requirimentos do novo marco normativo e de titulacións do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES) e do Marco Español de Cualificacións para o aprendizaxe permanente (MECU). Esta modificación permite reordenar tanto a provisión de prazas como os procesos selectivos, sendo urxente a súa modificación para non adiar a convocatoria dos procesos selectivos destas escalas.

Outro dos aspectos que inclúe este capítulo refírese á modificación do Decreto 347/2002, do 5 de decembro, polo que se regulan os pisos protexidos, vivendas de transición e unidades residenciais para persoas con trastornos mentais persistentes, relativa ás condicións materiais e arquitectónicas das unidades residenciais, que deberán situarse en edificacións de uso exclusivo sociosanitario, sen elementos comúns entre diferentes propietarios. Precísase a súa modificación urxente para evitar o atraso na autorización dos novos centros.

Así mesmo, modifícase o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, optando pola denominación común de "persoal estatutario", e eliminando a referencia á percepción do complemento de destino na disposición obxecto de modificación.

Finalmente, no que atinxe ás modificacións no eido sanitario, suprímese unha disposición do Decreto 91/2007, do 26 de abril, de integración no réxime estatutario do persoal laboral do sector sanitario público xestionado por entidades adscritas á Consellería de Sanidade, que só autorizaba a realización ata un máximo de tres ofertas de integración en cada unha das institucións incluídas dentro do seu ámbito de aplicación. A urxencia da modificación vén motivada polo necesidade de non adiar a realización de novos procesos de integración.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

No capítulo XI, relativo á cultura, introdúcense medidas en diversos ámbitos:

O paso do tempo dende a aprobación da Lei 5/2016, de 4 de maio de Patrimonio Cultural de Galicia e a experiencia achegada pola súa aplicación práctica evidenciaron a necesidade dunha reforma para mellorar a xestión, axilizar os trámites e reforzar a implicación dos concellos na protección do patrimonio cultural.tempa

Un dos eixos centrais da reforma é suprimir a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural nas diferentes intervencións que se realicen en bens catalogados con protección estrutural e ambiental, nos seus contornos de protección ou nas súas zonas de amortecemento que, a partir da entrada en vigor do novo marco legal, avaliará o propio concello no mesmo procedemento de concesión de licencia, logo da comprobación de que se axusta ao ordenamento urbanístico vixente e de que reúne as condicións de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, e cumpre os criterios de protección dos valores culturais dos bens catalogados consonte ás determinacións do proxecto de intervención. A proximidade territorial e o coñecemento directo do seu propio patrimonio perfila aos concellos como actores fundamentais para unha xestión máis eficaz, áxil, próxima e axustada á realidade local.

A reforma contextualízase, así mesmo, na necesidade de facilitar actuacións de rehabilitación urbana que permitan o incremento do parque residencial nunha realidade de especial dificultade de acceso á vivenda.

Este réxime compaxínase coa permanencia no ámbito autonómico de autorizacións relativas a bens de interese cultural ou con protección integral, así como do patrimonio arqueolóxico, artístico e relixioso, cuxa protección require un maior nivel de especialización pola súa complexidade técnica.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Para garantir o adecuado exercicio das competencias municipais no tránsito ao novo réxime de autorizacións, prevese expresamente o asesoramento aos concellos por parte da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural, reforzando o mandato de colaboración xa previsto na lei.

En paralelo, recóllense outra serie de medidas que afondan na axilización e eficiencia dos procedementos de xestión e protección do patrimonio cultural como son a corrección de erros materiais, aritméticos ou de feito dos bens catalogados nos instrumentos de planeamento; a prevalencia dos contornos de protección específicos sobre os determinados de forma xenérica e os de carácter subsidiario; así como a inclusión de novas intervencións no listado das que non precisan ningún tipo de autorización nos contornos de protección de bens de interese cultural ou catalogados.

Outro punto clave da reforma é a clarificación dos usos, actividades permitidas e intervencións compatibles coa protección dos Camiños de Santiago e a súa contorna protexida. A modificación segue o mesmo criterio que para o resto de bens culturais. Así, mantén a tutela sobre os Camiños de Santiago declarados BIC e Patrimonio Mundial (Francés, Primitivo e Norte), tanto no territorio histórico como na súa zona de amortecemento. Mentres que naqueles que están catalogados (Inglés, Portugués interior e pola costa, Inverno, Vía da Prata, Fisterra – Muxía), a consellería autorizará as intervencións que se realicen na traza do Camiño de Santiago, nas súas parcelas lindeiras e nos seus elementos funcionais, agás aquelas que se atopen no solo urbano dos municipios de máis de 50.000 habitantes que, nese caso, serán autorizadas por aquel.

Os municipios cunha poboación de máis de 50.000 habitantes contan cunha capital eminentemente urbana, na que a pegada do Camiño de Santiago, agás na propia cidade de Santiago de Compostela, non ten transcendencia na súa trama, motivo polo cal será o concello o garante do propio desenvolvemento urbano (concellos cunha poboación de máis de 50.000 habitantes polos que discorra un

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Camiño: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo).

Finalmente, a modificación da Lei 3/2024, do 5 de decembro, de cultura inclusiva e accesible de Galicia, ten por obxecto incluír no seu ámbito de aplicación os itinerarios culturais de interese autonómico, que se definen, para dotalos de especial promoción e difusión públicas en atención á súa contribución ao desenvolvemento e á democratización cultural en territorios en risco de exclusión cultural.

No capítulo XII, denominado Emprego e Consumo, introdúcense medidas nos seguintes ámbitos:

Modifícase a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, coa finalidade principal de crear a Mesa do Comercio de Galicia, prevista no Plan Estratéxico do comercio de Galicia, como órgano colexiado consultivo de participación, asesoramento e colaboración coa administración autonómica no fomento e ordenación da actividade comercial, en substitución do Consello Galego de Economía e Competitividade. Así mesmo, regúlase o réxime xurídico, composición e funcionamento da Comisión Consultiva, como órgano colexiado encargado de formular a proposta de resolución das autorizacións comerciais autonómicas.

Asemade, configúrase o Observatorio do Comercio de Galicia como un instrumento da administración pública que sirva de referencia do estudio, análise e difusión da información periódica e sistemática da situación e das dinámicas económicas e sociais do sector comercial e de foro para o intercambio de información entre os distintos organismos públicos e axentes comerciais, coa finalidade de evitar duplicidade de órganos e dotar a este dun maior dinamismo e funcionalidade como repositorio dixital de comercio.

Revísase a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, co obxecto principal de incrementar a protección das persoas consumidoras, introducindo diversas medidas entre as que cabe destacar por unha banda a

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

simplificación e a seguridade xurídica no proceso de reclamación e a previsión, doutra banda, do establecemento por parte da Xunta de Galicia de instrumentos de reclamación dixitais, incorporando así o dereito das persoas a relacionarse de forma dixital e valores de sustentabilidade e respectuosos co medio ambiente.

Introdúcese así mesmo unha nova infracción grave nesta materia e recóllense os criterios interpretativos acordados na Conferencia Sectorial de Consumo, no Informe de 19 de xaneiro de 2024, co fin de aclarar as competencias da comunidade autónoma e garantir a seguridade xurídica.

O capítulo XIII, relativo ao medio rural, introduce medidas en diversos ámbitos:

Na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modifícase o réxime previsto para as queimas de matogueiras cortadas e amontoadas e calquera tipo de sobrantes de explotación, limpeza de restos ou calquera outro obxecto combustible que, de acordo co establecido na normativa básica, quedan prohibidas nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, cando o índice de risco diario de incendio forestal sexa moi alto ou extremo.

Igualmente, axilízase o procedemento de execución subsidiaria, nos casos nos que a administración constate o incumprimento polas persoas responsables da súa obriga legal de ter concluída a xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas, unha vez que finalice o mes de maio de cada ano. Nestes casos, poderá proceder sen máis trámite á execución da realización dos traballos materiais e á repercusión dos custos, actuando con preferencia nas zonas de maior risco de incendios forestais. Con carácter previo ao inicio dos traballos materiais publicaranse os anuncios pertinentes e outorgarase un prazo mínimo de quince días para o cumprimento da obriga legal.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Así mesmo, modifícase o réxime sancionador, para que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sexa a competente para a sanción das infraccións relacionadas coa falta de xestión da biomasa. En particular, no caso das infraccións cometidas en solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, a adhesión á axencia producirá a atribución a esta das competencias sancionadoras dos municipios integrados.

Modifícase a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, coa finalidade principal de reforzar a seguridade xurídica, clarificando o alcance funcional dos plans de ordenación de recursos forestais (PORF), simplificando a súa revisión cando esta non supoña a modificación da estrutura territorial básica, nin dos seus obxectivos estratéxicos e garantindo non obstante que as revisións relevantes manteñan o procedemento ordinario e se preserve a participación pública e institucional. Na mesma liña, respecto do contido obrigatorio dos plans, clarifícase que a súa zonificación non pode producir efectos directos sobre a clasificación urbanística do solo, evitando vinculacións automáticas entre ámbalas dúas. Finalmente, clarifícase que os montes ou terreos forestais inscritos no Sistema rexistral forestal de Galicia terán a consideración de solo rústico de protección forestal, sen prexuízo dos efectos da aprobación dos catálogos de solos agropecuarios e forestais de Galicia.

Simplifícase a tramitación das cortas de arboredo, substituíndo a esixencia da autorización por unha declaración responsable, tanto nos terreos que formen parte do territorio histórico dos Camiños de Santiago catalogados ou dun ben catalogado con nivel de protección estrutural ou ambiental, así como, de ser o caso, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, e nas zonas de servidume e de afección das estradas.

Contémplase a reserva de, como mínimo, un 10% do cota xeral de reinvestimento que deben efectuar os montes veciñais en man común na realización de traballos de execución de medidas e dotación de infraestruturas destinadas á prevención fronte aos

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

incendios forestais. Ademais, os reinvestimentos destinados a esta finalidade deben realizarse de forma continuada, garantindo o cumprimento da lexislación sectorial de incendios sobre xestión de biomasa e retirada de especies.

Na mesma liña de reforzar as medidas de prevención contra os incendios forestais e ao mesmo tempo posibilitar a recuperación das terras agrarias para fomentar a estabilidade das poboacións rurais e mesmo incentivar a recuperación do medio rural para as persoas que queiran establecerse neste, modifícase o réxime dos usos do solo de xeito que, ademais de cumprir outros condicionantes, só se consideren montes as antigas terras agrícolas que leven 40 anos abandonadas.

Modifícase a tipificación dunha infracción, relativa á realización de repoboacións prohibidas e a cualificación deste tipo infractor, co fin de incluír un que abranga todas aquelas actuacións ou omisións vulneradoras da regulación das repoboacións con Eucalyptus previstas na disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, na redacción dada por esta lei.

Revísase a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, para adaptar os prazos legais ao estado actual de tramitación do novo decreto polo que se aproba o regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública dos montes. Doutra banda, a eliminación da exclusión do cómputo da superficie arborada das masas con menos de 5 anos de idade para as cancelacións libres de cargas obedece á necesidade de considerar os traballos de repoboación dos últimos anos nas mesmas condicións que aqueles máis antigos, equilibrando a relación entre as persoas subscritoras de convenios e consorcios -que manteñen o seu dereito- e a administración, que poderá recuperar a porcentaxe que lle corresponda dos investimentos realizados nos últimos 5 anos.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

As modificacións realizadas na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia responden a distintas necesidades, algunhas delas de carácter meramente corrector u organizativo. Por outra banda, pódese destacar a revisión da denominación de "aldea modelo", por considerarse máis axeitada a que se propón de "asentamento rural", e recóllese unha definición máis extensa deste termo, o que permite ampliar os ámbitos de actuación deste instrumento. Elimínase a esixencia da emisión de informe por parte do Consello de Xestión da Terra Agroforestal cando se trate dunha revisión non substancial do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, así como do Catálogos e do Mapa de usos agroforestais de Galicia, tratando de garantir os principios de simplificación e celeridade, axilizando a tramitación naqueles casos nos que tales revisións non afectan a cuestións esenciais.

Elimínase a cualificación urbanística do solo como rústico de especial protección agropecuaria polo feito de estar situado nunha faixa secundaria de xestión da biomasa, dado que esta previsión non outorga maior protección á cidadanía fronte aos incendios forestais e, así mesmo, a regulación que se suprime xera inseguridade xurídica pola variabilidade que determina na cualificación urbanística do solo e non se acomoda necesariamente aos usos do solo.

Amplíase a moratoria do eucalipto ata o 31 decembro de 2030. Ademais, incídese na regulación anterior de permitir repoboacións do xénero Eucalyptus que substitúan outras anteriores, que se transforman en masas de coníferas ou frondosas caducifolias, innovando a posibilidade de que esta actuación se produza entre superficies forestais pertencentes a persoas titulares distintas. Así mesmo, de forma restritiva, prevese que unha nova plantación de Eucalyptus, agás determinadas excepcións, non poida superar en superficie o 75% da superficie orixinaria, co fin de promover a eliminación neses terreos forestais do xénero Eucalyptus.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Outra novidade desta modificación consiste na facultade de plantar, previa autorización, Eucalyptus para substituír o 50% dunha masa de Piñeiro gravemente danada pola Banda Marrón (Lecanosticta acicola), pero debendo repoboarse o outro 50% da superficie con coníferas ou frondosas permitidas e limitando a plantación de Eucalyptus a unha soa quenda de curta.

Na Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, da calidade alimentaria de Galicia, contémplase a posibilidade de suspender condicionalmente a execución dunha sanción económica cando concorran determinados supostos e se cumpran unha serie de requisitos. A finalidade desta medida é procurar que as persoas que foran sancionadas pola comisión dunha infracción en materia de calidade alimentaria non volvan cometer outra, habilitando a través da suspensión condicional un mecanismo que suspenda a execución, suxeito ao cumprimento dunha serie de obrigas, como a non comisión doutra infracción, incentivando deste xeito o seguimento dunha conduta respectuosa en materia de calidade alimentaria.

Consonte coas modificacións operadas na Lei 3/2007, do 9 de abril, e en coherencia con estas, adáptase o Decreto 105/2005, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.

Por motivos así mesmo de seguridade xurídica, adáptase o Decreto 52/2014, das instrucións xerais de ordenación e xestión de montes de Galicia ao establecido nunha norma de rango superior, a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, eliminando una contradición entre ambas normas.

Modifícase o Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia para adecuar igualmente esta disposición regulamentaria ás modificacións que se

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

introducen na Lei 7/2012, do 28 de xuño, en materia de tramitación de aproveitamentos forestais.

A parte final da lei está composta por catro disposicións adicionais, tres disposicións transitorias e tres disposicións finais.

A disposición adicional primeira, en materia de medio ambiente, recolle medidas en materia de duración da tempada para autorizacións de servizos temporais e instalacións desmontables de servizos de tempada no dominio público marítimo-terrestre de Galicia.

A disposición adicional segunda, en materia de emprego público, prevé medidas especiais relativas ás listas de contratación de persoal laboral ou de persoal funcionario interino durante o ano 2025.

A disposición adicional terceira, dedícase á adhesión ao Sistema Público de Xestión da Biomasa dos terreos rústicos incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa.

A disposición adicional cuarta regula a dedución pola adquisición de libros de texto e material escolar na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicable no período impositivo 2025.

A disposición transitoria primeira, en materia de emprego público, establece un réxime transitorio de regulación das adxudicacións de destinos con carácter provisional que se tiveran efectuado en aplicación do previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na súa redacción anterior á modificación efectuada por esta lei.

A disposición transitoria segunda prevé o réxime transitorio aplicable ás reclamacións fronte ás resolucións en materia de información pública.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

A disposición transitoria terceira recolle medidas en relación coa atribución de competencias á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A disposición transitoria cuarta recolle medidas en relación coa reasignación de medios ao Consello Consultivo de Galicia.

Por último, a disposición final primeira recolle unha cláusula de salvagarda do rango regulamentario aplicable aos decretos modificados a través desta lei; a disposición final segunda habilita o Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei; e a disposición final terceira establece a entrada en vigor da norma.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 17/11/2025 18:23:55

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 18:24:12
Nº Rexistro: 38861
Data envio: 17/11/2025 18:24:12.291

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 18:24:13

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000011)

Emenda n º 1, de Adición. Artigo 2 bis

Engadir un novo artigo 2 bis co seguinte texto:

"Artigo 2 bis. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Modifícase o artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, de forma que quede coa seguinte redacción:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas. A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	13.200	9,00
13.200	1.188,00	8.200	11,65
21.400	2.143,30	8.000	14,90
29.400	3.335,30	7.900	15,50
37.300	4.559,80	10.300	20,00
47.600	6.619,80	12.400	21,50
60.000	9.285,80	40.000	23,00

Asinado o día 17/11/2025 ás 17:49
Por Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

100.000	18.485,80	En diante	24,50

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 2 ter

Engadir un novo artigo 2 ter co seguinte texto:

"Artigo 2 ter. Mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Substitúese o artigo 4 bis do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, polo seguinte:

«Artigo 4 bis. Mínimo persoal e familiar. As contías correspondentes aos mínimos do contribuínte, por descendentes, por ascendentes e por discapacidade establecidos nos artigos 57, 58, 59 e 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, e de modificación parcial das Leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio, quedan fixados nos seguintes importes:

1. O mínimo do contribuínte regulado polo artigo 57 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Con carácter xeral, 5.885 euros anuais.

b) Cando o contribuínte teña unha idade superior a 65 anos, o mínimo se aumentará en 1.220 euros anuais. Se a idade é superior a 75 anos, o mínimo se aumentará adicionalmente en 1.485 euros anuais.

2. O mínimo por descendentes regulado polo artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 58 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 2.545 euros anuais polo primeiro descendente.

2.º 2.865 euros anuais polo segundo descendente.

3.º 4.240 euros anuais polo terceiro descendente.

4.º 4.770 euros anuais polo cuarto descendente e seguintes.

b) Cando o descendente sexa menor de tres anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarase en 2.970 euros anuais.

3. O mínimo por ascendentes regulado no artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) No suposto previsto no apartado 1 do artigo 59 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, 1.220 euros anuais.

b) Cando o ascendente sexa maior de 75 anos, o mínimo a que se refire o apartado a) anterior aumentarse en 1.485 euros anuais.

4. O mínimo por discapacidade regulado no artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, será:

a) Nos supostos previstos no apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

1.º 3.180 euros anuais cando o contribuínte sexa unha persoa con discapacidade e de 9.540 euros anuais cando o contribuínte acredite un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento. 2.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 1 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais.

b) Nos supostos previstos no apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

1.º 3.180 euros anuais por cada unha dos ascendentes ou descendentes con discapacidade.

2.º 9.540 euros anuais por cada unha das persoas ascendentes ou descendentes cando acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

3.º No suposto previsto no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 60 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, os mínimos regulados neste apartado se aumentará en 3.180 euros anuais».”

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 2 quater

Engadir un novo artigo 2 quaterco seguinte texto:

“Artigo 2 quater. Imposto sobre Patrimonio.

Suprímese a totalidade do Artigo 13 quater. -Bonificación na cota íntegra- do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo."

Emenda n º 4, de Adición. Artigo 2 quinquies

Engadir un novo artigo 2 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 2 quinquies. Imposto sobre o Patrimonio.

Modifícase o Artigo 13 - Mínimo exento- do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, quedando redactado como segue:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

«Artigo 13. Mínimo exento O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros.»"

Emenda n º 5, de Adición. Artigo 2 sexies

Engadir un novo artigo 2 sexies co seguinte texto:

"Artigo 2 sexies. Modifícase o artigo 13 bis -Cota íntegra- do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, que queda redactado como segue:

«Artigo 13 bis. Cota íntegra A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	COTA ÍNTEGRA EUROS	RESTO BASE LIQUIDÁBEL ATÉ EUROS	TIPO APLICÁBEL PORCENTAXE
0	0	167.129,45	0,30
167.129,45	501,39	167.123,43	0,60
334.252,88	1.504,13	334.246,87	1,00
668.499,75	4.846,60	668.499,76	1,80
1.336.999,51	16.879,59	1.336.999,50	2,60
2.673.999,01	51.641,58	2.673.999,02	3,40
5.347.998,03	142.557,55	5.347.998,03	4,20
10.695.996,06	367.173,46	En diante	5,00

Emenda n º 6, de Adición. Artigo 2 septies

Engadir un novo artigo 2 septies co seguinte texto:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

“Artigo 2 septies. Suprímese o apartado 4 do artigo 20. Tres, do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo”.

Emenda n º 7, de Adición. Artigo 2 octies

Engadir un novo artigo 2 octies co seguinte texto:

“Artigo 2 octies. Imposto sobre Sucesións e Doazóns

Modifícase a letra b) do número dous do artigo 6 do Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, quedando redactado como segue:

“b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros.»"

Emenda n º 8, ao apartado 2. Seis, de Modificación. Artigo 10

Substitúese o contido do subapartado Seis do apartado 2 do artigo 10 polo seguinte:

“Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, 03, 04, 06, 07, 08, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 23, 24, 25 e 29 da alínea 07 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.07.00	Autorizacións máquinas recreativas e de azar	
30.07.01	Autorización de explotación	
	- Máquinas tipo "A especial"	85,28
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	139,66

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

	- Máquinas tipo "C"	279,15
30.07.02	Modificacións no contido da autorización:	
	- Suspensión provisional, reinicio da explotación da máquina en suspensión provisional, transmisión da autorización de explotación da máquina, traslado de máquinas a outros ámbitos territoriais, troco ou calquera outra circunstancia que altere o contido da autorización, excepto a baixa definitiva.	65,95
	-Baixa definitiva	32,97
30.07.03	Modificación da autorización de instalación e localización, extinción ou denuncia	100,04
30.07.04	Petición de duplicado de documentos	28,08
30.07.06	Autorización de instalación e localización	224,95
30.07.07	Comunicación de localización de máquina :	0,00
	- Máquinas tipo "A especial"	20,47
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	32,31
	- Máquinas tipo "C"	64,62
30.07.08	Homologación e inscrición de modelos de máquinas de xogo. No caso das máquinas tipo B ou “B especial”, a contía multiplicarase por cada xogo que insira a máquina	
	- Máquinas tipo "A especial"	219,50
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	438,97
	- Máquinas tipo "C"	731,61
30.07.15	Outras inscricións no Rexistro de Modelos de máquinas: - Modificacións substanciais da inscrición, no caso das máquinas tipo B ou “B especial” a contía se multiplicará polo número de xogos que se modifiquen. - Cancelación da inscrición. - Autorización da cesión da inscrición. - Recoñecementos de modelos e certificacións de laboratorio.	
	- Máquinas tipo "A especial"	136,44
	-Máquinas tipo "B" ou “B especial”	269,24
	- Máquinas tipo "C"	323,06
30.07.16	Inscrición de modificacións non substanciais no Rexistro de modelos de máquinas	

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

	- Máquinas tipo "A especial"	68,22
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	134,62
	- Máquinas tipo "C"	161,51
30.07.17	Homologación e inscrición de modelos doutros aparellos de xogo.	323,06
30.07.18	Homologación de fichas, tarxetas magnéticas prepago ou outros soportes físicos autorizados para máquinas tipo “C”, “B” e “B especial"	323,06
30.07.19	Homologación e inscrición de sistemas de interconexión de máquinas	
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	438,97
	- Máquinas tipo “C”	731,61
30.07.20	Modificación da inscrición de sistemas de interconexión de máquinas de xogo:	
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	135,80
	- Máquinas tipo “C”	185,96
30.07.21	Autorización de instalación de sistemas de interconexión de máquinas de xogo e as súas modificacións:	
	- Máquinas tipo "B" ou “B especial”	135,80
	- Máquinas tipo “C”	187,12
30.07.23	Autorización de instalación do centro de control do sistema de interconexión de máquinas de xogo tipo “B” ou “B especial” entre salóns ou bingos	2.195,21
30.07.24	Autorización de instalación do centro de control do sistema de interconexión de máquinas de xogo tipo “C” ou “B especial” entre casinos	2.195,21
30.07.25	Proba e exhibición de prototipo de modelos, por cada unidade de prototipo	117,22
30.07.29	Outras autorizacións e comunicacións	135,80

Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, e 03 da alínea 08 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.08.00	Rexistro de Empresas de Máquinas de xogo	
30.08.01	Autorizacións	348,89
30.08.02	Modificacións	139,66
30.08.03	Cancelación da inscrición	65,95

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, 03, 04, 05, 06 e 08 da alínea 09 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.09.00	Autorizacións en salóns recreativos ou de xogo:	
30.09.01	Autorización de instalación	348,89
30.09.02	Permiso de apertura	558,12
30.09.03	Modificacións substanciais da autorización de instalación	348,89
30.09.04	Consulta previa de viabilidade	292,64
30.09.05	Autorización previa á suspensión de funcionamento por un período superior 6 meses	139,56
30.09.06	Modificacións non substanciais da autorización de instalación	139,56
30.09.08	Outras autorizacións e comunicacións	135,80

Modificanse as subalíneas 00, 02, 03, 04, 05, 06, 08, 09, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20 e 21 da alínea 10 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.10.00	Bingos	
30.10.02	Autorización de instalación	348,89
30.10.03	Permiso de apertura de sala de bingo	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	1.395,13
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1.744,00
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	2.092,70
	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	3.487,83
30.10.04	Modificación de autorizacións de instalación e os permisos de apertura	348,89
30.10.05	Outras autorizacións e inscricións	167,62
30.10.06	Inscrición de empresas no rexistro de xogo do bingo	1.395,18
30.10.08	Homologación de material de xogo do regulamento do bingo	

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

	- Homologación dos elementos materiais e da infraestrutura e elementos técnicos para explotación do xogo do bingo electrónico	2.194,79
	- Modificación da homologación dos elementos materiais e da infraestrutura e elementos técnicos para explotación do xogo do bingo electrónico	234,12
	- Homologación de calquera outro material de xogo do bingo	292,64
30.10.09	Variacións de datos na inscrición de empresas no rexistro do xogo de bingo	697,68
30.10.10	Cambios de colocación da sala de bingo segundo a categoría da sala	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	1.395,13
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1.744,00
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	2.092,70
	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	3.487,83
30.10.11	Peche da sala por máis de 30 días consecutivos	292,64
30.10.12	Transmisión da autorización de instalación	348,89
30.10.13	Modificacións substanciais da sala segundo a categoría da sala	
	- Terceira categoría (ata 200 xogadores)	1.395,13
	- Segunda categoría (entre 201 e 400 xogadores)	1.744,00
	- Primeira categoría (entre 401 e 600 xogadores)	2.092,70
	- Categoría especial (entre 601 e 800 xogadores)	3.487,83
30.10.14	Modificacións non substanciais das salas	348,89
30.10.15	Cambios nos cadros de persoal ou servizo da sala	167,62
30.10.16	Cambios na maquinaria relacionada co desenvolvemento do xogo	167,62
30.10.17	Autorización de instalación para explotación da modalidade de bingo electrónico.	348,25
30.10.18	Modificación ou cancelación de autorizacións de instalación para explotación da modalidade de bingo electrónico.	234,12
30.10.19	Inscrición de sociedades anónimas para de interconexionado entre salas de bingo electrónico.	348,25
30.10.20	Modificación ou cancelación de sociedades anónimas para interconexionado entre salas de bingo electrónico	234,12
30.10.21	Autorización do programa de xogo de modalidade de xogo do bingo electrónico	292,64

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, 03, 04, 05, 07, 08, 09 e 10 da alínea 11 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.11.00	Casinos:	
30.11.01	Autorización de instalación ou de traslado	4.185,35
30.11.02	Permiso de apertura ou traslado	6.975,50
30.11.03	Renovación de autorizacións de instalación e apertura	3.487,83
30.11.04	Modificación autorización instalación	3.487,83
30.11.05	Modificación inscrición no Rexistro de Casinos de Xogos	697,68
30.11.07	Homologación e autorización de uso de material de xogo de casino	292,64
30.11.08	Autorización para a realización de torneos/campionatos dos distintos xogos autorizados	4.389,58
30.11.09	Transmisión da autorización de instalación dun casino de xogos	4.143,92
30.11.10	Utilización nova dependencia para almacenar naipes	165,96

Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, 03, 04, 05, 06 e 07 da alínea 22 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.22.00	Outras actuacións en materia de xogo	
30.22.01	Expedición de certificados sobre empresas ou establecementos de xogo	65,95
30.22.02	Dilixenciado de libros de xogo	
	Libros de 0 ata 300 páxinas	73,17
	Libros de 300 ata 600 páxinas	146,33
	Libros de 600 ata 1.000 páxinas	219,50
	Libros a partir de 1.001 páxina será 0,15€ folio/páxina	0,20
30.22.03	Autorización previa de publicidade das actividades de xogo	373,13
30.22.04	Autorización de instalación e apertura de locais presenciais abertos o público para a explotación de xogos e apostas da competencia do Estado	1.463,20
30.22.05	Autorización de instalación de terminais ou equipos que permitan a participación nos xogos, apostas e lotarías da competencia do Estado, nos locais de xogo, nos establecementos de hostalería e análogos, ou en calquera outro local presencial aberto ao público. Por cada terminal	146,33
30.22.06	Autorización para a organización, a explotación e o desenvolvemento de xogos e apostas por medios ou sistemas informáticos interactivos ou de comunicación a distancia	1.463,20

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

30.22.07	Autorización de instalación de terminais de xogo en bares, cafeterías, establecementos de hostalería e análogos, por cada terminal	146,33

Modificase a subalínea 00 da alínea 23 do Anexo I, que queda redactada como segue:

30.23.00	Devolución, substitución ou modificación de fianzas constituídas por actividades de xogo	26,45

Modificase a subalínea 00 da alínea 24 do Anexo I, que queda redactada como segue:

30.24.00	Autorizacións de espectáculos taurinos	
	- Becerros e novelos	17,00
	- novelos sen picadores	42,58
	- novelos con picadores	64,11
	- Corrida de touros	85,23

Modificanse as subalíneas 00, 01, 02, 03, 04, 05 e 06 da alínea 51 do Anexo I, que quedan redactadas como segue:

30.51.00	Apostas	
30.51.01	Actividades de empresas de fabricación e importación de material de apostas	
	- Inscrición da empresa	348,25
	- Modificación ou cancelación da inscrición	234,12
30.51.02	Actividades de empresas comercializadoras e explotadoras de apostas	
	Inscrición da empresa comercializadora e explotadora e autorización de comercialización e explotación	348,25
	Modificación da inscrición	234,12
	Revisión da vixencia de autorización de comercialización e explotación cada 5 anos	263,39
	Modificación das condicións de autorización de comercialización e explotación	234,12
30.51.03	Establecementos e lugares de apostas	

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

	- Autorización de tendas de apostas (por cada tenda)	1.463,20
	- Modificación ou cancelación de tendas de apostas	234,12
	- Autorización de instalación de espazos de apostas en salóns de xogo, bingos e casinos, recintos deportivos e autorización temporal en actividades feirais. Por cada máquina instalada	146,33
	- Modificación ou extinción da autorización	146,33
30.51.04	Homologación do material de apostas (sistemas, teminais e demais elementos de xogo) e inscrición no Rexistro de Apostas dos modelos de sistemas e máquinas de apostas	
	- Homologación do material de apostas e inscrición	2.194,79
	- Homologación de máquinas de apostas	438,97
	- Modificación da homologación ou cancelación de material de apostas e modificación da inscrición	234,12
30.51.05	Autorización da instalación e localización de máquinas de apostas	146,33
30.51.06	Comunicación de instalación de máquinas de apostas	36,57

Emenda n º 9, ao apartado 2. Nove, de Supresión. Artigo 10

Suprimir o subapartado Nove do punto 2 do artigo 10.

Emenda n º 10, ao apartado 2. Dez, de Supresión. Artigo 10

Suprimir o subapartado Dez do apartado 2 do artigo 10.

Emenda n º 11, ao apartado 2. Once, de Supresión. Artigo 10

Suprimir o subpartado Once do punto 2 do artigo 10.

Emenda n º 12, ao apartado 2. Doce, de Supresión. Artigo 10

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Suprimir o a subpartado Doce do punto 2 do artigo 10.

Emenda n º 13, de Adición. Artigo 12 bis

Engadir un novo artigo 12 bis co seguinte texto:

"Artigo 12 bis. Modifícase o apartado e) do artigo 40, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza, que queda redactado como segue:

«e) Nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 100% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica. Para aquelas concesións ou autorizacións nas que se realice a construción de embarcacións empregando os métodos construtivos establecidos no Decreto 52/2019, do 9 de maio, polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, ou se realicen labores de reparación e conservación destas embarcacións ou daquelas inscritas no censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza, será de aplicación unha bonificación do 90% os terreos, lámina de auga, obras e instalación. Para poder aplicar a bonificación será necesario que a persoa titular da concesión ou autorización achegue acreditación emitida polo órgano de xestión, definido no punto 1 do ANEXO II do Decreto 52/2019, que na instalación se realizan maioritariamente os procesos construtivos declarados B.I.C. polo dito Decreto e contar dentro do seu cadro de persoal un Mestre carpinteiro de ribeira e de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galiza».''

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Emenda n º 14, de Adición. CAPÍTULO II bis

Engadir un novo CAPÍTULO II bis. Tributos propios.

Emenda n º 15, de Adición. Artigo 13 bis

Engadir un novo artigo 13 bis no CAPÍTULO II bis polo que se crea un novo imposto sobre os grandes establecementos comerciais co seguinte texto:

"Artigo 13 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais.

Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.

Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito impoñíbel vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base impoñíbel do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete.Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que conten con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural."

Emenda n º 16, de Adición. Artigo 13 ter

Engadir un novo 13 ter no CAPÍTULO II bis polo que se crea un novo imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión, co seguinte texto:

"Artigo 13 ter. Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión.

Un. Obxecto do imposto.

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito impoñible.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito impoñible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as.

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito impoñible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito impoñible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base impoñible e cota tributaria.

1. A base impoñible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Impoñible	**Tipo/euros**
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base impoñible coma se a capacidade do tendido eléctrico fora de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo.

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda n º 17, de Adición. Artigo 13 quater

Engadir un novo artigo 13 quater no CAPÍTULO II bis polo que se crea un novo imposto sobre as vivendas baleiras, co seguinte texto:

"Artigo 13 quater. Imposto sobre as vivendas baleiras.

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación.

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito impoñíbel.

Constitúe o feito impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións.

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmoble en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda.

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos..

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.

Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente. Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario téñao documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos. Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

PARLAMENTO DE GALICIA

superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións.

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Nove. Base impoñíbel.

1. Constitúe a base impoñíbel do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base impoñíbel está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo.

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda n º 18, de Adición. Artigo 13 quinquies

Engadir un novo artigo 13 quinquies no CAPÍTULO II bis co seguinte texto:

"Artigo 13 quinquies. Canon eólico.

Os artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, quedan substituídos polos que seguen:

"Artigo 14. Base impoñíbel.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

1.- Constitúe a base impoñible a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do limite territorial da comunidade autónoma, a base impoñible estará constituída pola suma das potencias unitarias nominais de unidades de aeroxeradores instalados no territorio galego.

3.- Para a determinación da base impoñible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devengo. No caso de que o número de aeroxeradores varíe ao longo do período impositivo, a base impoñible calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aeroxerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria.

1.- A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base impoñible dos seguintes tipos de gravame anuais:

-En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 3 megawatts: 0 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 15 megawatts e igual ou superior a 3 megawatts: 2.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 25 megawatts e igual ou superior a 15 megawatts: 5.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior a 35

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

megawatts e igual ou superior a 25 megawatts: 7.500,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa inferior ou igual a 50 megawatts e igual ou superior a 35 megawatts: 10.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aeroxeradores existentes sexa superior a 50 megawatts: 12.500,00 euros por megawatt.

2.- Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3.- A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 16. Bonificacións na cota.

1.- Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras, a contía da cota que debe satisfacerse terá unha redución do 15% durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado.

2.- Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento será necesaria a comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración da comunidade autónoma e a acreditación efectiva da redución das unidades de aeroxeradores.

3.- A consellaría competente en materia de enerxía establecerá o procedemento para o recoñecemento da bonificación.”

Emenda n º 19, de Adición. Artigo 13 sexies

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Engadir un novo artigo 13 sexies no CAPÍTULO II bis co seguinte texto:

"Artigo 13sexies. Imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada.

O ponto 1 do artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, queda substituído polo que segue: A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 2.400 € por hm3, á base imponíbel."

Emenda n º 20, de Supresión. Artigo 18

Suprimir o artigo 18. Modificación da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galiza.

Emenda n º 21, de Supresión. Artigo 19

Suprimir oartigo 19. Modificación do Decreto 1/1991, do 11 de xaneiro, polo que se regula a concesión da medalla de Galiza.

Emenda n º 22, de Supresión. Artigo 23

Suprimir o artigo 23. Modificación da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galiza.

Emenda n º 23, de Supresión. Artigo 29

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Suprimiro artigo 29. Modificación da Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Emenda n º 24, de Supresión. Artigo 38

Suprimir o artigo 38. Modificación da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galiza.

Emenda n º 25, de Supresión. Artigo 39

Suprimir o artigo 39. Modificación do Decreto Lexislativo 1/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposición legais da comunidade Autónoma de Galiza en materia de política industrial.

Emenda n º 26, de Supresión. Artigo 46

Suprimir o artigo 46. Modificación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Emenda n º 27, de Supresión. Artigo 59

Suprimir o artigo 59. Modificación da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galiza.

Emenda n º 28, de Supresión. Artigo 69

Suprimir o artigo 69. Outras medidas en materia de sanidade.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Emenda n º 29, ao apartado Un, de Adición. Artigo 70

no apartado Un do artigo 70, polo que se engade un subapartado k) no apartado 2 do artigo 51 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza, engadir un novo subapartado l) no apartado 2 do artigo 51coa seguinte redacción:

"l) Para este fin a consellaría con competencias en materia de sanidade establecerá criterios de cadros de persoal necesarios nos servizos de admisión para desenvolver esta nova función."

Emenda n º 30, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 70

No apartado Dous do artigo 70, polo que se engade unha disposición adicional na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galiza, engadir un novo punto 3 na disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

"3.- A Administración autonómica, a través da consellaría con competencias en materia de sanidade, garantirá que a investigación cumpre cos criterios deontolóxicos e que as terapias innovadoras que se obteñan da investigación poidan ser utilizadas na nosa sanidade pública a un custe que teña en conta as achegas realizadas."

Emenda n º 31, de Supresión. Artigo 78

Suprimir o artigo 78. Modificación da Lei 5/2016, do 4 de maio do patrimonio cultural de Galiza.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Emenda n º 32, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 85

Substituír o texto do apartado Dezaseis do artigo 85 de Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galiza, polo seguinte:

"Dezaseis. Modifícase a disposición transitoria novena da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galiza, que pasa a ter a seguinte redacción:

1. Apróbase unha moratoria indefinida a novas plantacions do xénero Eucalyptus. Só estarán permitidas as repoboacións con esta especie naqueles casos en que estivesen previstas en instrumentos de ordenación ou xestión forestal que fosen aprobados pola Administración forestal antes da entrada en vigor desta disposición, ou nos citados instrumentos cando a súa solicitude de aprobación se atopase en tramitación con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e que fosen, finalmente, obxecto de aprobación pola Administración forestal.

2. No pazo máximo de un ano a consellaría con competencia en materia forestal aprobará un Plan de identificación, control e erradicación de plantacións ilegais do xénero Eucaliptus, priorizando zonas de especial valor ambiental (espazos natuais protexidos, zonas húmidas, bosques de ribeira e terreos agrarios. Este plan conterá unha programación anual, as previsións orzamentarias para o seu desenvolvemento e un un informe anual de seguimiento.

3. De maneira inmediata a Xunta de Galiza desenvolverá un Plan de vixilancia, control e sanción sobre novas plantacións non autorizadas de eucalipto para o que se despregarán os recursos materiais e humanos suficientes encamiñados a garantir o estrito cumprimento das normativas vixentes.

4. A Xunta de Galiza aprobará no primeiro trimestre de 2026 un Plan de axudas dotado con cinco millóns de euros dirixido ás persoas propietarias de piñeirais afectados polas bandas marrón

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

(Lecanosticta acicola) e vermella (Dothistroma pini) para compensar as perdas ocasionadas. Así mesmo, garantirá que todos os Plans de Ordenación de Recursos Forestais integren criterios técnicos, ambientais e sociais que reduzan a extensión do eucalipto e promovan a diversificación produtiva, así como a conservación dos recursos hídricos e da biodiversidade. Con este obxectivo, estabeleceranse axudas directas e outros incentivos destinados ás persoas titulares dos montes.

5. No prazo máximo de un ano, a Xunta aprobará os plans de ordenación dos distritos forestais dos distritos e o Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galiza."

Emenda n º 33, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 85

Suprimir o apartado 17 do artigo 85 de modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galiza.

Emenda n º 34, ao apartado 3, de Supresión. Disposición adicional segunda

Suprimir o apartado terceiro da disposición adicional segunda.

Emenda n º 35, de Supresión. Disposición adicional terceira

Suprimir a disposición adicional terceira.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2025 17:49:05

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:50:57
Nº Rexistro: 38851
Data envio: 17/11/2025 17:50:57.960

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 17:50:58

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

PARLAMENTO DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO SOCIALISTAS DE GALICIA PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 12/PL-000011)

Emenda n º 1, de Adición. Artigo 1 bis

Adición dun novo artigo 1 *bis* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1 *bis*. Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas A escala autonómica aplicable a base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable **Ata euros**	**Cota íntegra** **Euros**	**Resto baseliquidable** **Ata euros**	**Tipo aplicable** **Porcentaxe**
0,00	0,00	12.895,35	9,00%
12.985,35	1.186,68	8.083,25	11,65%
21.068,60	2.110,38	6.931,40	14,90%
28.000,00	3.143,16	7.200,00	16,00%
35.200,00	4.295,16	12.400,00	18,50%

Asinado o día 17/11/2025 ás 17:57
Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

47.600,00	6.589,16	12.400,00	21,00 %
60.000,00	9.193,16	20.200,00	23,50 %
80.200,00	13.940,16	19.800,00	24,50 %
100.000,00	18.791,16	En adiante	25,00 %”

Emenda n º 2, de Adición. Artigo 4 bis Un

Adición dun novo artigo 4 *bis* Un no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026 que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Un. Eliminación da bonificación do imposto sobre o patrimonio.

Modifícase o artigo 13 *quater* do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, coa seguinte redacción:

«Artigo 13 *quater.* Bonificación na cota íntegra Sobre a cota íntegra do imposto non se aplicará bonificación do 25 % nin do 50 % do seu importe».”

Emenda n º 3, de Adición. Artigo 4 bis Dous

Adición dun novo artigo 4 *bis* Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 4 *bis* Dous.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Modifícase o artigo 13 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluíndo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."

Emenda n º 4, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo 16 relativo á modificación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Emenda n º 5, de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir o artigo 17 relativo á modificación da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Emenda n º 6, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 18

Modifícase no apartado Dous do artigo 18 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, sobre a modificación da Lei 6/2024, do 27de decembro, de estatística de Galicia, en relación ao número 1 do artigo 15 que quedará redactado como segue:

“1. Farán parte do Consello Galego de Estatística:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

a) A persoa titular da Presidencia, que será a titular da consellaría de adscrición do Instituto Galego de Estatística.

b) A persoa titular da Vicepresidencia, que será a titular da Dirección do Instituto Galego de Estatística e que substituirá a titular da Presidencia no caso de ausencia.

c) As seguintes persoas vogais:

1º. Unha pola Presidencia da Xunta de Galicia e unha por cada consellaría, por proposta da persoa titular do órgano.

2º. As titulares da Secretaría Xeral e das subdireccións do Instituto Galego de Estatística.

3º. Dúas designadas polo Consello Galego de Cámaras.

4º. Tres designadas pola asociación empresarial intersectorial máis representativa de Galicia.

5º. Unha designada por cada unha das tres organizacións sindicais intersectoriais máis representativas de Galicia.

6º. Tres designadas polo Consello Agrario Galego.

7º. Dúas designadas pola Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

8º. Dúas designadas polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

9º. Dúas designadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias.

10º. Unha designada por cada universidade de Galicia.

11º. Tres de relevancia profesional no campo da estatística, designadas pola persoa titular da Presidencia.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

12º. Unha designada por cada grupo parlamentario con presenza no Parlamento de Galicia.

13º. A titular da Presidencia da Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e da Investigación de Operacións.

14º. Dúas en representación da Administración xeral do Estado; unha designada polo Instituto Nacional de Estatística e outra pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda n º 7, de Supresión. Artigo 19

Suprímese todo o artigo 19

Emenda n º 8, de Supresión. Artigo 23

Suprímese todo o artigo 23

Emenda n º 9, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 24

Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

«Artigo 44. Licenzas directas

1. As actuacións que se pretendan realizar en inmobles situados no ámbito de bens declarados de interese cultural, catalogados ou incluídos nos seus contornos de protección ou zonas de amortecemento deberán contar, en todo caso, coa autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural, de acordo co previsto no artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2. En ningún caso poderá considerarse aplicable o silencio administrativo positivo respecto das autorizacións ou informes preceptivos en materia de patrimonio cultural, dado o carácter prevalente do interese público da súa conservación.

3. A Xunta de Galicia, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, aprobará un Protocolo de coordinación entre a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e os concellos galegos, que estableza os procedementos, prazos e requisitos técnicos para garantir a tramitación áxil das autorizacións sen menoscabo da protección dos bens culturais.

4. O incumprimento da obriga de solicitar autorización previa cando esta sexa preceptiva determinará a nulidade da licenza municipal outorgada, sen prexuízo das responsabilidades administrativas ou penais que poidan derivarse.»"

Emenda n º 58, de Modificación. Artigo 71

Modifícase no artigo 71 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao número 1 do artigo 47 o seguinte contido:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Onde di: "...antelación mínima dun mes á data na que o peche...", debe dicir: "...antelación mínima de tres meses á data na que o peche...".

Emenda n º 59, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 72

Modifícase o apartado Un do artigo 72 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao número 1 do artigo 11, que quedará redactado co seguinte contido:

"Un. Modifícase o número 1 do artigo 1, que queda redactado como segue:

«1.Ao obxecto de dar resposta adecuada ás necesidades organizativas actuais, coa finalidade de garantir a continuidade asistencial e a calidade, eficacia e eficiencia dos servizos e para promover a estabilidade dos recursos humanos, e atendendo á avaliación continua e garantía de capacidade e coñecementos que outorga o sistema de formación especializada en Ciencias da Saúde, así como as peculiaridades das tarefas para desenvolver, o Servizo Galego de Saúde, durante un prazo de un ano desde a entrada en vigor da presente lei, poderá convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso, a fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura dos seguintes colectivos:

a) Persoal facultativo especialista dos hospitais dos distritos sanitarios de Cee, A Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés.

b) Persoal da categoría de facultativo ou facultativa especialista de atención primaria, creada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pediatra de atención primaria.»”

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Emenda n º 60, de Modificación. Artigo 73

Modíficase no artigo 73 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación a modificación do artigo 52 do Decreto 14/2001, do 7 de xuño, o seguinte contido:

Na letra c) do número 2, onde di: "...no prazo máximo dun mes,...", debe dicir: "...no prazo máximo de tres meses,...".

Emenda n º 61, de Modificación. Artigo 78

Modíficase o artigo 78 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación á modificación da Lei 5/2106, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que será redactado co seguinte contido:

"Artigo 78. Modificación da Lei5/2106, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

Modifícase a Lei 5/2016,do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que será redactado co seguinte contido:

1. O establecemento dun contorno de protección será obrigatorio para todos os bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados, sen prexuízo da posibilidade de adaptación excepcional e debidamente motivada, previa resolución expresa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural, emitida con base en informe técnico preceptivo e logo de audiencia aos concellos e demais administracións afectadas.

2. Non poderá aplicarse en ningún caso o silencio administrativo positivo nos procedementos de autorización, avaliación, emisión de informes ou calquera outro trámite relacionado con bens ou ámbitos integrantes do patrimonio cultural de Galicia, dado o carácter prevalente do interese público na súa conservación e tutela.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

3. Calquera delegación ou transferencia de funcións aos concellos deberá ir acompañada da correspondente dotación financeira e da creación de prazas de persoal técnico especializado en patrimonio, arqueoloxía e arquitectura, garantindo a capacidade material e profesional para o exercicio das competencias transferidas.

4. As actuacións de carácter urbanístico, forestal, agrario, turístico ou de calquera outra natureza que poidan afectar directa ou indirectamente a bens culturais ou aos seus contornos deberán someterse a avaliación de impacto patr5. A Consellería competente en materia de cultura elaborará, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, un Plan Galego de Protección e Posta en Valor do Patrimonio Cultural, no que se definan os obxectivos estratéxicos, os recursos orzamentarios e humanos necesarios, e os mecanismos de cooperación entre administracións, co fin de garantir unha tutela efectiva, participativa e coordinada.

6. Mantense a plena vixencia e protección das zonas de amortecemento e dos contornos dos Camiños de Santiago, que non poderán ser obxecto de modificación, artificialización nin alteración sen informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e sen avaliación de impacto patrimonial, de conformidade cos criterios establecidos pola UNESCO para os bens declarados Patrimonio Mundial, con carácter previo á súa autorización."

Emenda n º 62, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 82

Modíficase o apartado Un do artigo 82 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación á modificación do número 4 do artigo 22, que queda redactado co seguinte contido:

"Modifícase a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, do seguinte xeito:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Un. Modifícase o número 4 do artigo 22, que queda redactado como segue:

“4. A administración pública competente deberá comunicar individualmente ás persoas titulares das parcelas afectadas a previsión de execución subsidiaria, outorgando un prazo mínimo de quince días hábiles para que poidan cumprir voluntariamente coa súa obriga legal ou formular alegacións. Só transcorrido ese prazo e previa comprobación material do incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria e á repercusión dos custos.

As actuacións de execución subsidiaria deberán priorizarse segundo criterios de risco real de incendio, baseados en informes técnicos actualizados e accesibles ao público, e non unicamente por razóns de conveniencia administrativa."

Emenda n º 63, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 82

Modíficase o apartado Dous do artigo 82 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación á modificación dos número 1,2 e 3 do artigo 36, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dous. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 36, que quedan redactados como segue:

«As restricións recollidas neste artigo deberán ser comunicadas aos concellos con carácter previo á súa entrada en vigor e contarán coa participación das entidades locais para a determinación das zonas afectadas e das excepcións.»"

Emenda n º 64, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 82

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Modíficase o apartado Tres do artigo 82 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao número 5 do artigo 36 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres. Modifícase os números 5 do artigo 36, que queda redactado como segue:

«5. As autorizacións municipais deberán contar co informe previo da autoridade competente en materia de incendios forestais, emitido nun prazo máximo de 10 días. Transcorrido o prazo sen resposta entenderase informado favorablemente.»"

Emenda n º 65, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo 82

Suprímese o apartado Catro do artigo 82 do Proxecto de lei de medidas e administrativas para o ano 2026, en relación á modificación do artigo 54.

Emenda n º 66, ao apartado Un, de Modificación. Artigo 83

Modifícase no apartado Un do artigo 83 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación a letra c) do número 1 do artigo 2 daLei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que quedará redactada co seguinte contido:

"Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que queda redactada como segue:

«c) Os terreos de antigo uso agrícola que, transcorridos corenta anos de abandono, adquirisen inequivocamente carácter forestal, logo de informe técnico da Administración forestal e audiencia das persoas titulares:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

1º. Que leven polo menos corenta anos abandonados.

2º. Que adquirisen sinais inequívocos de carácter forestal pola existencia de arboredo dominado por especies frondosas do anexo I desta lei, con idade media superior a dez anos, fracción de cabida cuberta de polo menos o 60 %, aplicada a escala de subparcela catastral. As masas consideraranse dominadas por frondosas do anexo I desta lei cando as súas copas alcancen máis da metade da cabida cuberta.

3º. Que formen parte de superficies continuas de polo menos unha hectárea.»"

Emenda n º 67, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 83

Modifícase o apartado Catro do artigo 83 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación á modificación do número 3 do artigo 75, que quedará redactada co seguinte contido:

"Catro. Engádese un número 3 ao artigo 75, coa seguinte redacción:

«3.As modificacións substanciais dos Plans de Ordenación de Recursos Forestais (PORF) deberán someterse a avaliación ambiental e información pública obrigatoria, así como ao informe do Consello Forestal de Galicia."

Emenda n º 68, ao apartado Sete, de Supresión. Artigo 83

Suprímese todo o apartado Sete do artigo 83 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación a unha engádega do artigo 76 *bis*.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Emenda n º 69, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 83

Modifícase o apartado Dez do artigo 83 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación a modificación do número 3 do artigo 125, que quedará redactado co seguinte contido:

"«3.Como mínimo o 20% das cantidades reinvestidas destinaranse a actuacións de prevención e mellora ambiental e outro 10% a accións formativas e de promoción da xestión comunitaria sustentable.»"

Emenda n º 70, de Modificación. Artigo 84

Modífcase o artigo 84 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 84. *Modificación da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*

Un. Modifícase o número 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os consorcios e convenios de repoboación coa Administración forestal existentes deberán transformarse en Contratos Temporais de Xestión Pública (CTGP) ou, de non ser viable, cancelarse con data límite do 31 de decembro de 2025, conforme ao disposto na Lei 7/2012, de montes de Galicia, e ao Plan Forestal de Galicia 2021–2040 “Cara á neutralidade carbónica”.

2.Durante o proceso de transformación ou cancelación garantirase, en todo caso, a continuidade da xestión pública dos montes afectados e a participación activa das comunidades de montes

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

veciñais en man común e demais entidades titulares, evitando situacións de abandono ou paralización da actividade forestal.

O proceso de transformación desenvolverase de acordo cos seguintes principios:

a) Multifuncionalidade e sustentabilidade da xestión forestal, incorporando obxectivos de produción, conservación, prevención de incendios, restauración ambiental e xeración de emprego.
b) Negociación e acordo coas comunidades de montes e titulares, mediante procedemento público e transparente.
c) Elaboración obrigatoria dun plan de xestión e aproveitamento como condición previa á sinatura dos CTGP.
d) Seguimento e avaliación anual dos resultados económicos, sociais eambientais, mediante informe remitido ao Parlamento de Galicia antes do 31 de marzo de cada exercicio.

3.A Consellería do Medio Rural publicará, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, un inventario completo dos consorcios e convenios vixentes, indicando a súa superficie, situación xurídica, comunidade titular, saldo económico e estado de execución.

4.O Consello da Xunta aprobará, no prazo de seis meses, un programa de implantación progresiva dos CTGP sobre unha superficie mínima de 150.000 hectáreas ata o final do exercicio 2026, priorizando montes veciñais en man común e montes públicos.

5. A formalización dos contratos temporais de xestión pública deberá contar coa audiencia das comunidades de montes, dos concellos e das entidades locais implicadas, así como coa publicación do acordo correspondente no Diario Oficial de Galicia.

Dous. Engádese un novo número 1 *bis* na disposición transitoria cuartada Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que pasa a ter a seguinte redacción:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

PARLAMENTO DE GALICIA

«1 *bis*.A Administración forestal elaborará un informe anual sobre a situación dos consorcios e convenios forestais, detallando superficies, ingresos, reinvestimentos e incidencias, que se fará público a través do portal de transparencia.»"

Emenda n º 71, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 85

Modifícase o apartado Dous do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao ordinal 3º da letra b) do número 1 do artigo 12, que quedará redactado co seguinte contido:

Dous. O ordinal 3º da letra b) do número 1 do artigo 12 pasa a ter a seguinte redacción:

«3º. Emitir informe preceptivo sobre o Catálogo e o Mapa de solos agropecuarios e forestais de Galicia, incluíndo obrigatoriamente información pública e consulta ás entidades locais, organizacións agrarias e forestais e universidades galegas.»"

Emenda n º 72, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 85

Modificación doapartado Tres do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao artigo 15, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tres. O artigo 15 queda redactado como segue:

«O Banco de Explotacións, xestionado polo órgano de dirección do que dependan funcionalmente as oficinas rurais, actuará como un instrumento público de intermediación que terá como finalidade facilitar a posta en contacto entre persoas titulares de explotacións agroforestais que, voluntaria ou forzosamente, abandonan a actividade e persoas interesadas en se incorporar a ela, co obxectivo

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

de garantir a continuidade da explotación e así loitar contra o seu desmantelamento e o abandono sobrevido das terras que a constitúen.

A xestión do Banco de Explotacións realizarase con publicidade, igualdade e non discriminación, articulando a coordinación co Banco de Terras e coas oficinas agrarias comarcais.»

Emenda n º 73, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 85

Modifícase o apartado Catro do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relaciónO número 2 do artigo 19, que será redactada co seguinte contido:

"Catro. O número 2 do artigo 19 pasa a ter a seguinte redacción:

«2.O procedemento de investigación respectará audiencia, contradición e publicidade, garantindo o dereito das persoas titulares ou herdeiras a achegar probas de propiedade ou uso lexítimo.»"

Emenda n º 74, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 85

Modifícase o apartado Cinco do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relación ao número 4 do artigo 24, que quedará redactado co seguinte contido:

"Cinco. O número 4 do artigo 24 queda redactado como segue:

«4. O Mapa de usos agroforestais de Galicia e, de ser o caso, as súas revisións, serán aprobados mediante unha resolución do Consello Reitor da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo do informe preceptivo do Consello de Xestión da Terra Agroforestal. Exceptúanse deste informe aquelas revisións que non conteñan modificacións substanciais.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

O Mapa de usos agroforestais actualizarase como mínimo cada catro anos, integrando datos do IGE, Catastro e entidades locais, e do inventario forestal continuo de Galicia , e será accesible publicamente na sede electrónica da Xunta.»"

Emenda n º 75, ao apartado Dezaseis, de Modificación. Artigo 85

Modifícase o apartado Dezaseis do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dezaseis. Modifícanse os números 1, 2 e 3 da disposición transitoria novena, que pasan a ter a seguinte redacción:

«1.Moratoria estrita de cinco anos:

Apróbase unha moratoria de cinco anos á plantación de eucalipto en todo o territorio galego, sen flexibilizacións nin excepcións, para avaliar a evolución da superficie ocupada, impulsar a diversificación produtiva e garantir a sustentabilidade do monte galego.»

2. Programa para zonas de interface urbano-forestal:

Pór en marcha un programa específico de redución de eucalipto nas interfaces urbano-forestais para minimizar o risco de incendios, mellorar a seguridade e favorecer a recuperación de autóctonas en áreas de especial vulnerabilidade.

3. Restauración, multifuncionalidade e diversidade:

Impulsaranse programas de I+D+i e transferencia desde o CIF de Lourizán para desenvolver alternativas forestais viables e sostibles, adaptadas ás condicións ecolóxicas e socioeconómicas de Galicia, consolidando unha base diversificada e resiliente.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

4. Control de pragas e xestión forestal (plan revisable): Reforzarase a loita contra pragas que afectan o castiñeiro e outras autóctonas mediante un plan específico revisable, con orzamento suficiente e estable, axudas directas a propietarios, investigación aplicada e medidas de prevención, control e restauración de soutos e masas afectadas."

Emenda n º 76, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 85

Suprímese o apartado Dezasete do artigo 85 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, en relacióna adición dos números 7 e 8 á disposición transitoria novena.

Emenda n º 77, de Adición. Artigo 85 bis

Engádese un novo artigo 85 *bis* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 85 *bis*.Modificación da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia

«A Xunta elaborará, en seis meses, un plan de recuperación dos piñeirais galegos fronte ao nematodo e á banda marrón (*Lecanosticta acicola*), con medidas de control fitosanitario, incentivos á reforestación con conñiferas e apoio á industria da madeira.»"

Emenda n º 78, de Adición. Artigo 86

Engadése no artigo 86 do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, un novo número no adición do

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

artigo 112 bis á Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, de calidade alimentaria de Galicia, que quedará redactado co seguinte contido:

"7 bis.Os principios de aplicación e control serán os seguintes:

1. Debe quedar acreditada a ausencia de dolo ou mala fe por parte do infractor para que se poda eximir do pago
2. Establecer tramos diferenciados segundo o tamaño da empresa e capacidade económica que garantan a proporcionalidade e equidade na aplicación.
3. Debese de activar un sistema de control durante o período de suspensión.
4. Adopción por parte do infractor de medidas reparadoras
5. Dar transparencia e publicidade ao procedemento para que non quede exclusivamente en mans da administración e do infractor.
6. Reforzar os medios públicos de control e inspección."

Emenda n º 79, de Adición. Artigo 89 bis

Engádese un novo artigo 89 *bis* no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026,que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 89 *bis*. Modificación da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.

Modifícase a Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, que queda modificada como segue:

Un. Engádese o artigo 191 *bis*, coa seguinte redacción:

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

«Artigo 191 *bis*. Reforzo da participación das entidades locais

1. A Comisión Galega de Cooperación Local convocarase de maneira periódica reregular e, en todo caso, antes da aprobación dos proxectos de orzamentos da Comunidade autónoma ou de normas reguladoras do réxime local.
2. A Comunidade Autónoma Galega comprométese a constituír un organismo permanente de carácter paritario que teña como finalidade garantir o respecto a autonomía e competencias locais, tanto nos procesos de elaboración normativa, como na xestión e planificación das políticas públicas, canalizando a colaboración e cooperación interinstitucional entre a Xunta e os concellos nas áreas máis sensibles de competencia compartida como servizos sociais, augas, portos, tratamento de residuos, policías locais.
3. O trámite de audiencia das asociacións de municipios e provincias sobre as disposicións de carácter xeral e anteproxectos de leiterá carácter preceptivo. O prazo mínimo para emisión dosinformes locais seráde quince días.»"

Emenda n º 80, de Adición. Disposición adicional cuarta bis

Engádese unha disposición adicional cuarta *bis* ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactada co seguinte contido:

"*«D*isposición adicional cuarta *bis*

Coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na Directiva (UE) 2023/2413 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de outubro, relativa á mellora da eficiencia e capacidade das instalacións de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

produción e almacenamento de enerxía, e dentro das competencias estatuarias en materia de produción enerxética, a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobará no prazo de nove meses dende a entrada en vigor da presente disposición, unha folla de ruta galega, que regule de forma ordenada os procesos de repotenciación dos parques eólicos en Galicia. A folla de ruta poderá incluír, entre outras medidas, as seguintes:

1. Diagnose do estado actual das instalacións eólicas en Galicia susceptibles de repotenciación, na que se incluirá un estudo especifico respecto aos parques eólicos antigos autorizados en zonas de protección da Rede Natura.
2. Establecemento de medidas compensatorias de retorno económico e social para os territorios dos concellos afectados polas repotenciacións, en aras a mitigar o impacto paisaxístico.
3. Medidas para a reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable das palas dos aeroxeradores, prohibindo a súa acumulación como residuos non tratados.
4. Establecer mecanismos de control, fiscalización e sanción para garantir que as empresas promotoras que repotencien os parques eólicos cumpran cos plans de desmantelamento e reciclaxe aprobados polo goberno Galego.
5. Fomentar, en coordinación co sector industrial, co I+D galego e coas universidades públicas do Sistema universitario Galego, liñas de investigación e desenvolvemento tecnolóxico orientadas ao reciclado eficiente de materiais compoñentes dos aeroxeradores, así como a promoción de creación de empresas galegas especializadas na fabricación, na investigación e na innovación das técnicas das repotenciacións eólicas.»"

Emenda n º 81, de Adición. Disposición adicional cuarta ter

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Engádese unha disposición adicional cuarta *ter* ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactada co seguinte contido:

"«Disposición adicional cuarta *ter.*Participación pública temperá na elaboración do novo Plan sector eólico de Galicia.

1. O Goberno galego debe estimular a participación temperá da cidadanía galega nos territorios afectados no desenvolvemento, no despregamento e na explotación dos proxectos de parques eólicos, así como nos proxectos de infraestruturas conexas, e adoptar medidas compensatorias para fomentar a transferencia dos beneficios sociais e económicos da transición enerxética ás comunidades locais e aos concellos afectados pola instalación de parques eólicos. En particular, mediante a participación en comunidades de enerxía ou outras estruturas de copropiedade e participación, de conformidade coa Recomendación (UE) 2024/1343, de 13 de maio do 2024, relativa á aceleración dos procedementos de concesión de autorizacións para proxectos de enerxía renovable e de infraestruturas conexas.

2. O Goberno galego debe garantir que se organicen audiencias públicas para as partes interesadas afectadas, nunha fase temperá e de forma regular durante o procedemento de deseño do novo Plan sectorial eólico de Galicia cando aínda poidan influír na localización, o percorrido ou a tecnoloxía dos activos de rede. Débese garantir que as audiencias públicas e demais iniciativas de participación das partes interesadas sexan inclusivas e accesibles, de forma que o público poida interactuar en tempo oportuno cos promotores de proxectos e os responsables da toma de decisións, e foméntese a participación activa en todas as fases de planificación, desenvolvemento, despregamento e explotación dos proxectos de parques eólicos.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

3. Darase un tratamento especial na participación pública temperá a aquelas zonas xeográficas rurais con menor nivel de desenvolvemento económico ou afectadas polo despoboamento, a fin de cohesionar Galicia tanto a nivel territorial como social.

4. O Goberno galego desenvolverá dunha estratexia de publicidade e transparencia de datos accesibles e reutilizables co fin de garantir que a cidadanía está informada en todo momento sobre a elaboración do novo Plan sector eólico de Galicia, o seu impacto, as súas externalidades negativas, e os beneficios sociais, económicos e ambientais que xerará.

5. Na elaboración do novo Plan sectorial eólico de Galicia fomentarase especialmente a participación das entidades locais galegas, a través da Federación Galega de Municipios, e especialmente en proxectos que se promovan desde as comunidades enerxéticas locais ou outros esquemas participativos, tal e como se recollan no ordenamento xurídico. En todo caso informarase ao diálogo social de calquera proxecto que vaia desenvolver a Administración autonómica a través das sociedades nas que participe.»"

Emenda n º 82, de Adición. Disposición adicional cuarta quater

Engádese unha nova disposición adicional cuarta *quater n*o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactada como segue:

"«Disposición adicional cuarta *quater*. No prazo de seis meses dende a entrada en vigor desta disposición*, aprobarase a modificación da regulación do canon eólico* previsto na 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, na que se terá en conta, entre outras medidas, as seguintes:

1. O impacto da diminución da recadación do canon eólico como consecuencia das repotenciacións eólicas que se proxectan no territorio.
2. Terase conta a evolución tecnolóxica dos aeroxeradores, fixando criterios que teñan conta: a densidade enerxética dos mesmos, que o reparto entre os concellos sexa proporcional á potencia de enerxía eólica instalada en cada un dos municipios afectados polas instalacións, co obxectivo de contribuír a preservar o medio ambiente e de velar polo mantemento das necesarias actuacións de compensación e reequilibrio ambiental e territorial ás que están afectos os ingresos xerados polo canon.
3. Actualizar o Fondo de Compensación Ambiental para adaptalo á nova realidade dos parques repotenciados, establecendo mecanismos que aseguren a estabilidade dos ingresos municipais e a continuidade dos proxectos financiados con cargo a este fondo.
4. Reformular o modelo de distribución territorial do canon eólico, de maneira que as repotenciacións non reduzan a capacidade financeira dos concellos afectados no Fondo de Compensación Ambiental, e se garanta unha compensación proporcional ao impacto ambiental e territorial real.
5. Implantar un sistema público de información e rendición de contas sobre o destino e do Fondo de Compensación Ambiental, co obxectivo de garantir transparencia, avaliación e control social efectivo.
6. Ampliar os usos permitidos do Fondo de Compensación Ambiental, incluíndo actuacións en materia de transición enerxética, creación de emprego local, economía circular, comunidades enerxéticas, desenvolvemento rural e reforzo dos servizos públicos esenciais.»"

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Emenda n º 83, de Modificación. Disposición transitoria primeira

Modifícase a disposición tranitoria primeira do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición transitoria primeira. *Adxudicación de destinos con carácter provisional derivadas da normativa modificada por esta lei*

1. As adxudicacións de destinos con carácter provisional ao persoal funcionario de novo ingreso que se tiveran efectuado en aplicación do artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, na súa redacción anterior á modificación efectuada por esta lei, rexeranse polo réxime transitorio establecido nesta disposición, tendo en conta os principios da eficacia da administración e de seguridade xurídica, así como a coincidencia no tempo de procesos de provisión de postos de traballo por concurso de traslados, de procesos selectivos ordinarios de novo ingreso e dos procesos de estabilización de emprego temporal derivados de Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e ponderando os intereses lexítimos de todos os participantes nos procesos mencionados:

a) Manterase a eficacia das adxudicacións definitivas de prazas que previamente estiveran ocupadas mediante adxudicación provisional, que sexan firmes por non ter sido recorridas no seu día en tempo e forma, e realizadas antes da entrada en vigor desta lei ao amparo das normas modificadas por esta.

b) Manterase a eficacia das adxudicacións provisionais realizadas antes da entrada en vigor desta lei ao amparo das normas modificadas por esta, sempre que sexan firmes e consentidas por non ter sido recorridas no seu día en tempo e forma. Sen prexuízo do indicado, estas situacións deberán ser regularizadas mediante o ofrecemento dun destino definitivo ao persoal afectado de acordo co

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

establecido nesta disposición, no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor.

c) En particular, cando as correspondentes prazas se encontren incluídas nun proceso de concurso de traslados, convocado para o correspondente corpo ou escala con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e tiveran sido solicitadas e poidan ser obxecto de adxudicación ao persoal solicitante de acordo coas regras do concurso, atendendo ao seu carácter de forma de provisión ordinaria dos postos de traballo e realizada de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, o persoal en situación de destino provisional será no momento da toma de posesión do persoal que obtivera a praza por concurso, de acordo co previsto nas normas modificadas por esta lei, sen prexuízo de que, en todo caso, deberá ofrecérselle destino definitivo de acordo co disposto no número 2 desta disposición.

d)O establecido na letra c) deste número tamén será de aplicación aos concursos de traslados que se convoquen a partir da entrada en vigor desta disposición.

e) No caso de que no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta disposición, non se teña producido o cese na situación de adxudicación provisional e obtención dun destino definitivo, as adxudicacións provisionais existentes no momento da entrada en vigor desta disposición realizadas ao amparo das normas modificadas, quedarán de pleno dereito convertidas en definitivas. A administración de oficio procederá á aplicación desta disposición e recoñecemento do nomeamento definitivo.

f) En todo caso, ao persoal funcionario de novo ingreso que ao amparo das normas modificadas tivera obtido destino por adxudicación provisional se lle computará o período de tempo en esa situación, como se tivera desempeñado un posto con carácter definitivo, para todos os efectos favorables que se puideran derivar.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

2. De acordo co indicado no número anterior, e aos efectos de coordinar as eleccións de destino definitivo e as correspondentes tomas de posesión derivadas dos procesos selectivos e de provisión de postos de traballo pendentes no momento da entrada en vigor desta disposición, ou que se convoquen posteriormente, procederase do seguinte modo:

a) Cando estivera pendente de resolución no correspondente corpo ou escalaun concurso de traslados, atendendo ao seu carácter de forma de provisión ordinaria dos postos de traballo e realizada de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, terá preferencia este, polo que se resolverá a adxudicación de destino definitivo das prazas ofertadas de acordo coas correspondentes regras do concurso.

b) A continuación, procederase a ofertar a aquelas persoas que se atoparan prestando servizos en situación de adscrición provisional por novo ingreso, un número de prazas vacantes suficiente para garantir que todas as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo obteñan un posto aberto ao seu subgrupo, corpo, escala ou especialidade, seleccionadas entre as prazas que quedaran vacantes a resultas do concurso de traslados, tendo en conta a orde de prelación resultante no correspondente proceso selectivo de ingreso.

c) Por último, ofertaranse a aquelas persoas que se atopen incluídas nas relacións de aspirantes que superaron os procesos selectivos de estabilización derivados de la Lei 20/2021, de 28 de decembre, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, un número de prazas vacantes suficiente para garantir que todas as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo obteñan un posto aberto ao seu subgrupo, corpo, escala ou especialidade, seleccionadas entre as que quedaran vacantes a resultas do establecido nos apartados a e b anteriores, tendo en conta a orde de prelación resultante no correspondente proceso selectivo de ingreso.

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

d) Unha vez realizados os actos de adxudicación de destino e de elección de destino definitivo anteriormente sinalados, e aos efectos de coordinar os ceses e tomas de posesión, o inicio do prazo de toma de posesión realizarase de xeito simultáneo para todos os procesos mencionados, aos efectos de garantir a continuidade na prestación dos servizos públicos.

3. A persoa funcionaria que obtivera un posto a través dun sistema de provisión, e que por estar afectado por sentenza firme derivada da ocupación previa a esta modificación legal por parte dunha persoa funcionaria de novo ingreso nomeado con carácter provisional, asignaráselle en propiedade un posto do mesmo nivel, localidade, retribucións e similares características funcionais."

Emenda n º 84, de Adición. Disposición transitoria terceira bis

Engádese unha nova disposición transitoria terceira *bis* ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2026, sobre a modificación da Lei 8/2009, do 2009, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que quedará redactada seguinte contido:

"«*D*isposición transitoria terceira *bis*. Planificación, zonificación e proxectos con autorizacións en curso.

1. Os departamentos competentes en materia de planificación enerxética, loita contra o despoboamento, ordenación do territorio e medio ambiente, coa asistencia do INEGA, avaliarán e mapearán desde a entrada en vigor desta disposición as zonas para a implantación de parques eólicos, co obxecto de acordar Directrices de sustentabilidade ambiental integral aplicables ao plan sectorial eólico vixente, conforme aos cales determinadas zonas do territorio de Galicia poderán declararse aptas ou non aptas para a implantación de plantas de produción de enerxía eléctrica a partir de

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

PARLAMENTO DE GALICIA

fontes renovables, absolutamente ou en función de rangos de potencia. Para estes efectos, poderase ter en conta o documento de zonificación ambiental para a implantación de enerxía renovables, eólica e fotovoltaica, publicado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o 1 de decembro de 2020.

2. A declaración de zonas non aptas prevista nesta disposición non afectará en ningún caso a proxectos en tramitación ou con autorización. Entenderase que se atopan en tramitación os proxectos que iniciasen, por calquera vía, a súa tramitación de autorización enerxética ou ambiental.

3. Sen prexuízo do anterior, os proxectos de parques eólicos en tramitación ou con autorización previstos en zonas non aptas nos que exista un pronunciamento por parte dun órgano administrativo ou xudicial que suspenda a eficacia da resolución de autorización administrativa previa á construción, poderanse seguir a instancia do promotor o procedemento previsto no artigo 37 tendo en conta criterios de sustentabilidade ambiental integrada, conservando os actos administrativos válidos. Estes proxectos terán a consideración de prioritarios e urxentes para a súa tramitación.»"

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/11/2025 17:57:48

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2025 17:58:07
Nº Rexistro: 38852
Data envio: 17/11/2025 17:58:07.644

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/11/2025 17:58:08

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-r7fo2l6CL-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/